


UILLA NOUA



★★★

voceiro arzuán

Arzúa, 1 de Marzo de 1986. Ano I. Nº 2 300 Pts.

NÚMERO · EXTRA · XI · FESTA · DO · QUEIXO.



A OS DA QUINTA
DO 46 TAMÉN LLES
GUSTA... O QUEIXO

Maese Pérez /86
(Quinto do 46)


SUMARIO

Impresa: A.G. GALICIA, S.A. - Segovia, 15 - VIGO / Dep. Legal VG-413-1985

TEMA	Páx.	TEMA	Páx.
COMUNICADO A TODOLOS CI-DADANS	03	COMO SE FAN OS QUEIXOS	31
OUTRA UILLA NOUA	04	CALROS SILVAR	33
IVA E FRAUDE FISCAL	05	XAQUIN MARIN E JANITO	34
LAS ABEJAS	07	CALROS SILVAR	35
CATECISMO DO LABREGO	08	COMENTOS DUNHA PORTADA	36
O SOLITARIO	09	... O DE ARZUA UN QUEIXO DE NOVELA	37
SOÑAR NON CUSTA NADA	12	CONTRAPORTADA DO EXTRA - FORXAN	38
RELACION MEDICO-ENFERMO	13	A BRUXA DOS QUEIXOS	39
POESIA	14	LARPEIRADA NA PALLEIRA	53
ANTROIDO-86	15	TEATRO. MOCEDADE DE SAN- TA MARIA	56
A INCONTROLABLE LENDA DE ARZUA	19	HISTORIAL DA CSD-ARZUA - I	57
COUSINAS-86	20	EL IVA EN LA CALLE	65
COLUMNAS DEL ILOGICO	21	OS GOLES NAS ELEUCIONS	67
EXTRA FESTA DO QUEIXO - SIRO	23	PASATEMPOS	68
PROGRAMA	24	ASI LLE VAI A CSD-ARZUA	72
G.N.R. E OS RESENTIDOS	25	PAGINA KULTURAL	74
PREGON DE ANTON FRAGUAS FRAGUAS NA IX - FESTA DO QUEIXO	26	Iº INFORME DA CSD	75
		ALALA DE ARZUA	76

COLABORADORES:

Suso Pimentel - Antonio Saavedra Pereira - José Manuel Ca
mino - Lolo - José Antonio Otero Cotón - Xavier Rodríguez Ba
rrio - Antón Grande - Anxo Grande - X. D. B. - Siro - Comi
sión Org. da XI-Festa do Queixo - Ana Montenegro - Ramón To
rreiro - Calros Silvar - Xaquin Marín - Janito - Xosé María
Pérez Forxán (Maese Pérez) - Mocedade de Santa María - Maga
ga - C.S.D.-Arzúa - Luis Cascón Raposo. - María Sacramento
Martínez Vilar - Calros Mariño - José Cés Lorenzo - Xelo.



Cafeteria

AMEIXA

Nova parada da Empresa Freire

ALMORZOS E TAPAS

RUA DE SANTIAGO, 8 — TLF. 50 04 84

ARZUA

ASOCIACION CULTURAL
"Capilla de la Magdalena"
- ARZUA -

*** COMUNICADO A TODOS OS CIDADANOS ***

A xente de Arzúa coñece pobos, aldeas, vilas, onde a presencia dun moemento histórico grande ou pequeno, recoñecido como fundible para recuperar a vida cultural e a historia lonxana ou máis próxima de dita bisbarra. Isto son moementos, unidos a otros "restos" como libros, música, lendas, historias, útiles, etc., confieren e son o herdo histórico dun pobo, e o pobo que sexa incapaz de reconcelos como tal, mantelos e recuperalos non merece outra cousa senón que o seu nome desapareza do mapa para sempre.

Dende fai anos lévase falando árreos da restauración da Capela da Madanela; na mente de todos arzuáns, de forma consciente ou non, está a recuperación para a Vila do único moemento cun carácter e valor que se remonta ó mesmo nacemento da Vila como parte do Mosteiro que alí houbo e dependente do poderoso Mosteiro de Sobrado dos Monxes.


Por diversos motivos a realidade, anque a pesar dos pesares a Capela estaba coma sempre - composta pero sen novo-, nin nochan nin de pé, nin do Pobo nin da Igrexa (polo ningún caso que lle fixo), é que temos unha Capela que se derruba. Por iso, un grupiño de xente xuntouse para conquistar como primordial "acto" a cesión, por parte do Arzobispado, da Capela da Madanela para logo restaurala e mantella en pé. Para que fora posible díta cesión era necesaria a presencia no Pobo dun Patronato ao que facer a "cesión", dahi o nacemento da Asociación Cultural "Capilla de la Magdalena". Dende o mes de Outubro do pasado ano xa existe legalizada e en dialogo co Arzobispado, e como as cousas para que vaian ben feitas hai que facelas con siso e boa letra, a espera faise longa ata o momento da cesión.

Mentras as cousas acontecían, apareceu a "UILLA NOUA", a nosa Revista. O precio de saída foi careiro, mais como aquí mérito que de dúascentas revistas, ... pois iso! Non podemos facer mais e si o pobo coopera como no primeiro número a Revista poderá seguir saíndo cada dous meses (despois de pagar todo temos na conta oito pesetas) e con ela Arzúa terá unha seña mais de identidade coa que pode sentirse leda.

Tamén queremos dende este voceiro convocar a todala xente que teña inquietanzas culturais, que se acheguen a nós, a Asociación Cultural; e apoiaremos todalas propostas de cultura e traballo. Chamamos a aquela xente que sexa capaz de entonar o "temos que facer..." e non o "tedes que facer..."

Pensamos que na Arzúa hai moitas cousas que llevar a cabo: poesía, novela, estudos arqueolóxicos, salvamento de libros vellos, ferramentas, útiles, traballos escritos de diversa entidad, estudio de historia arzuán, fotografías vellas,.... Pois ben, todos aqueles que queirán "facer algo" non teñen más que poñerse en contacto con nós, que nós, de momento, somos poucos.

Fdo.:
ASOCIACION CULTURAL
"Capilla de la Magdalena"



BANESTO
Banco de todo crédito

OUTRA UILLA NOUA

X. ANXO IGLESIAS GOMEZ

De novo voltamos a sair a rúa, de novo estamos dispuestos a ser lidos e de novo dámossos as gracias. Gracias a vós, seguemos a flote.

Mañá é a decimoprimeira Festa do Queixo. Comenza unha nova decade desta romaxe tan querida por tódolos galegos en xeral e tódolos arzuáns en particular. UILLA NOUA non esquece, por suposto, tan significativa data e adicalle unhas páxinas especiais a este acontecemento.

O cómo se vai desenrolar ésta Festa do Queixo é unha incógnita, anque eu estou seguro de que vai supoñer outro éxito para todos. Pronosticamos que a xente vaise divertir moito e que a todos o ano que separa unha Festa da outra vai ser ainda máis longo que de costume. Dende fai tempo que no remate desta romaxe escoitase unha frase con moita asiduidade: "Boeno, ata o ano que ven!" Frase que se dí cun chisco de resignación, un chisco de tristura e outro chisco de espranza.

E falando de chiscos, outro chisco de UILLA NOUA está adi-

cado o antroido. Temos unha pequena reportaxe gráfica dalgúns comparsas que poidemosollar nas nosas rúas. Por ter, áinda temos un burro.

O burro é unha misiva. Boeno, o burro tamén pode ser outras cousas, pero neste caso, como dixen o burro é unha misiva que se lle manda a alguén e ese alguén descoñece o remite te.

Queríamos publicar un burro, pensando, iñocentes nós!, que en tempo de antroido a todo o mundo lle chegan burros. Pero atopámonos con que este ano, milagre!, ningúén recibe burro algúns.

- ... a ti non che mandarian un burro este ano?
- Per qué dís? Qué ía facer se mellante cousa!

Pregunta tras resposta e resposta tras resposta chegamos a unha conclusión: "O burro, morreu."

Iamos xa amañar a folla poñendo calquer outra trapallada cando alguén que todos coñedes, dixo: "- Eu sei quen ten un burro."

Unha risiña entre larpeira e burlona dirixéuselle a quen

o dixo. Unha risiña que preguntaba: -Cómo sabes ti eso?


O que sabía quen tiña o burro non dixo nada, quedou calado como unha pedra. Ulleou a tódolos que estaban a seu arredor e amosou tamén unha risiña. Ninguén escoitou nada pero a súa risiña decía: "- Eu seino porque ..."

Tamén comenzamos a publicar o Historial da CSD-Arzúa, historial que vai levar moito tempo difundir por razóns de espacio; levamos tamén neste número un "poster" de Castelao así como dúas follas cheas de "pegatas" adicadas o queixo de Arzúa. E levamos tantas cousas más que non me lembro de todas por ser home de pouca cabeza. Cousa que canto menos serve para que vos diga que o mellor que podedes facer é pasar as páxinas con presa, facer un tanteo do que pode dar de sí este novo número e pousalo de contado a beira do outro.

Non vaiades leer hoxe semeillante feixe de follas. Pensa que mañá é a Festa do Queixo e ...

**Mármoles
O CRUCEIRO**

Tlf. | 59 48 85
50 00 26



**Sta. María
ARZUA**



**ELECTRICIDAD
DEL AUTOMÓVIL**

D. NUÑEZ

**Estrada de Lugo
Tlf. 50 04 56**

ARZUA

IVA E FRAUDE FISCAL

SUSO PIMENTEL

A entrada de España na Comunidade Económica Europea (C.E.E.) supón pro noso país a adopción dunha serie de reformas en tódolos planos da vida nacional, e entre estes atopase a imposición indirecta.

Ata o 31 de Nadal do ano pasado, a imposición indirecta en España, estaba constituida fundamentalmente polo I.T.E. (Imposto Xeral sobre o tráfeo das empresas), o imposto de luxo e os Impostos Especiais, amén doutra ringleira de figuras impositivas que desaparecen (en total vinteeito) coa implantación do I.V.E. ou IVA.

Esta particular e peculariar forma de imposición provocaba un efecto distorsionador na economía por canto da orixe ó que en facenda denominase piramidación dun imposto ou efecto cascada. No caso do ITE, por exemplo, en cada fase sucesiva do proceso produtivo ó aplicar este imposto estábbase facendo recaer sobre dunha base imponible que xa tiña unha parte que correspondía o mesmo imposto aplicado na fase anterior. Dábase así lugar a acumulacións de costes fiscais que en moitos casos conducián a desaparición de empresas que eran sustituidas por consorcios empresariais que integraban todo o proceso produtivo, evitando así tributar nas fases intermedias por ITE e pódendo así ofrecer o seu producto máis barato.

Xa fai anos que se ven pendendo a sustitución desta imposición obsoleta por outra más moderna que evite distorsións como as devanditas. De feito, xa en 1981 existía un proxecto de lei do IVE, que por motivos electorais (a UCD estaba en franca crise regresiva) e pola particularísima organización da vida económica en España, non chegou a ver a luz.

Tuvo que ser a entrada de España na CEE, e ter que comprir coa Sexta Directriz do Consello das Comunidades Europeas do 17 de Maio de 1977, o que finalmente dou lugar a implantación o 1 de Xaneiro deste ano do IVE, regulado esencialmente pola Lei: 30/1985 de 2 de Agosto e o

Real decreto 2028/1985 de 30 de Outono.

Muito é o que se leva falso dos efectos que sobra da economía nacional vai a ter, e xa está tendo, este imposto.

Por unha banda o Goberno, así coma outros seítors "responsabeis" da vida económica nacional, adicaron os seus esforzos a explicar o funcionamento do IVE e a convencer á xente de que todos os seus efectos ían seren beneficiosos pro país.

Pola outra banda, os más catastrofistas, puxeron o Goberno na picota por introducir un imposto tan "complicado" en tan pouco tempo de adaptación, amén de recalcar o efecto que sobra da inflación ia ter.

É indudable que a implantación deste imposto vai ter un certo coste, mais que nada inflacionista. Coste que pode verse reducido si o Goberno bota man dos recursos que ten para fazer frente a subidas de precios non deseñadas, recursos como importacións de choque, restricción da oferta monetaria e do creto, control de precios, etc.

A miña opinión é que o Goberno asume gustoso este coste, que para él é político polo deterioro da imaxe, a cambeo dun beneficio que espera outer e do que moi pouco se ten falado: a loita contra o fraude fiscal. A ninguén se lle oculta que éste é un dos principais caballos de batalla da propaganda do Goberno; por elo non é de estranar que botara a andar, con un tempo excesivamente corto de maduración, un imposto de tanto alcance como é o IVE, que vai ser unha ferramenta vital para detectar os fraudes a facenda pública.

Trátase dun imposto no cal a carga impositiva trasládase de eslabón en eslabón do proceso produtivo ata chegar ó consumidor final que é a quem lle toca soportar o imposto. Polo tanto, para aqueles sujetos pasivos que están en fases intermedias, éste non supón ningún coste como supoña anteriormente o ITE. Das cuotas que repercute pode deducir as que soporta, evitándose así unha das fontes de fraude como eran as adquisicións sen factura para evitar ter que pagar o imposto. Esto obligará a que os empresarios non dados de alta no censo, e que vendían sen impostos, te-

AUTOMOVILES



LITO

— COMPRA-VENTA —

Tlf. 680915

ORDES

Tlf. 50 05 53

ARZUA

Wita
ZAPATEIRO

ñan que darse de alta pois atoparán sen compradores pros seus produtos, pois pros adquirentes o precio-coste de compra non varía xa que logo deducirá os IVE soportados dos repercutidos ós seus clientes.

Outra peculiaridade do imposto é que encadea tódolos eslabóns da cadea produtiva de xeito que controlando un destes eslabóns pódese controlar ó anterior e ó posterior. Rómpease así a estanquidade existente ente seítors da economía e que dificultaba a laboura de investigación de Facenda.

Onde vai ter unha especial incidencia o imposto cara a loita contra o fraude fiscal é nos tres seítors económicos que foron sinalados pola Comisión pro estudio do fraude fiscal como os más defraudadores: comercio minorista, profesionais libres e agro.

O comercio minorista, sober de todo no caso de persoas físicas non estaba suxeto á anterior imposición indirecta na súa meirande parte nin ás obligacións formais esixidas por dita imposición. Dende agora, coa implantación do IVE, a maioría deles estarán sometidos ó Régime especial do Recargo de Equivalencia que exímeos de todo imposto e de emitir facturas (excepto que o comprador poda deducir a cuota repercutida). O control destes suxetos pasivos faise no escalón anterior, no dos proveedores dos minoristas. Estes teñen que emitirlle factura ós minoristas e incluirllas nela, aparte do tipo de IVE que corresponda, o Recargo de Equivalencia. Deste xeito mediante o control dos proveedores poderáse controlar o volumen de negocio de cada minorista e as rendas outidas.

Os profesionais liberais (avogados, arquitectos, asesores,...) tamén están obrigados a tributar por este imposto. Imposibilitados de aco-

llerse a ningún régime especial, están obrigados a emitir factura por cada servicio que presten e a rexistrar ditas facturas no correspondente Libro de Facturas Emitidas. O non cumprimento desta obliga leva consigo sancións elevadas recollidas na Lei Xeral Tributaria e no Reglamento do IVE.

Dentro dos profesionais, os adicados ó exercicio da mención están exentos da aplicación do IVE. Pero teñen pola contra a Reforma parcial do IRPF (Imposto sobre da Renta das Personas Físicas). A partires deste ano desaparece a dedución fixa de 10.000 pts. por gastos de mención sen necesidade de xustificación. Agora, calque dedución por este concepto terá que ampararse na oportunidade factura extendida polo profesional da mención. Supón que tódolos que desexen acollerse a este beneficio fiscal empezarán a esixir factura normalizada dos servicios recibidos. Poderáse así controlar a ún dos estamentos sociais que mais millóns defrauda a Facenda.

No seitor agrario a vixilancia fiscal ven en forma de caramelo. Exprücome. Permite-selle aos agricultores (nesta expresión están incluidos tamén gandeiros, explotadores forestais, etc.) cobrar en concepto de Recargo de Compensación un 4% sobre o precio de venda dos seus produtos, sempre que tales produtos vayan posteriormente a ser ouxido de revenda ou transformación por profesionais ou empresarios. Ese recargo non poderá ser cobrado polas vendas diretas a consumidores finais.

Este 4% é unha compensación que se lle concede o agricultor polos IVE soportados na compra dos inputs necesarios para a súa explotación económica: maquinaria, piensos, fertilizantes, electricidade, reparacións, servicios veterinarios, etc. Pero ten a obligación de firmar un recibo ao com-


prador no cal lle aplique este Recargo. Este recibo extenderá o propio comprador e nel figurarán os datos fiscais das partes contratantes, a transacción realizada e o 4% de Recargo de Compensación. Tal recibo, como dixen, deberá firmalo o agricultor-vendedor, para que así o adquiriente poda deducir posteriormente o 4% como IVE soportado.

Deste xeito a Administración controlando os adquirientes de produtos agrarios controla ós agricultores, tanto cara o IVE como cara o coñecemento do volumen de operacións deste seitor económico e da súa imputación no IRPF. Empezarase por detectar agricultores non dados de alta na Licencia Fiscal de actividades agrarias, outros que non presentan declaracións da Renta, moitos que ocultan a meirande parte dos seus rendimentos, etc.

Dirase que este imposto ven a perxudicar a moitos comerciantes que case non sacan para vivir, a labregos que difficilmente se sosteñen e profesionais en idénticas condiciones. Eu creo que a imposición existente hoxe en España é bastante xusta, de xeito que o que menos ten e o que menos paga. Pero creo, porque sei que é certo, que hai moitos comerciantes, profesionais e agricultores que outeñen ganancias exorbitantes, en comparación cos seus compañeiros menos afortunados, e que non contribúen na medida da súa capacidade económica o erario público, que é certo somos todos.

Vai sendo hora de que cada seitor económico e cada individuo faga frente as cargas fiscais que lle corresponden e non as boteriba das costas dos demás. Xa está ben de que os asalariados por conta alíe sexan os paganos da recaudación fiscal.

BENVIDO I.V.E. !



Rúa do P. Pardo, s/n
(de fronte ó Centro de Saúde)

Tlf. 50 00 41

óptica

DE TER ALGÚN PROBLEMA COA SÚA
VISTA OU OS SEUS ANTEOLLOS,

Visítenos

ARZUA

LAS ABEJAS

ANTONIO SAAVEDRA PEREIRA

Si hacemos historia sobre la apicultura tendríamos que retroceder a tiempos muy remotos. Ya no por la aparición de las abejas que se metían en cualquier sitio que les era apropiado, sino que, por ejemplo, en Irak se descubrió una receta con miel para un tipo de medicación sobre tablas de arcilla fachadas alrededor del año 2100 antes de Cristo. Muchas tumbas de los primeros faraones tienen figuras y gráficos de abejas. Una muestra de panel de miel, de una antigüedad superior a los 3.000 años, fue encontrada en una tumba de la XIX Dinastía.

No hágamos historia que esto sería para otra ocasión, pero vemos que las abejas y sus productos siempre fueron conocidos y muy apreciados.

Para tener éxito en la producción apícola es muy importante que las abejas tengan una colmena adecuada. Hay dos tipos de colmenas: fijistas y movilistas.

Colmenas FIJISTAS son las tradicionales (Cortizos, trobos, cobos, etc.), tanto que en Galicia hay aproximadamente 80-90.000, con una producción media de 2-3 Kgrs., donde las abejas tienen que construir sus propios panales de cera, generalmente tiene poco espacio y es muy difícil de controlar su interior. Para producir un Kgr. de cera las abejas con-

sumen de 5 a 6 Kgrs. de miel, un motivo de la baja producción. Al no poder ver su interior, nos enteramos de sus problemas cuando ya están muertas. Al tener poco espacio enjamban más (Se va la reina con un buen lote de abejas). Tendremos más enjambres pero menos miel.

Colmenas MOVILISTAS. Colmenas modernas, son aquéllas que llevan unos cuadros en donde se le ponen los panales de cera. Entre las ventajas de que goza este tipo de colmenas se encuentran la mayor productividad, la posibilidad de aumentar el espacio trabajable añadiendo nuevos cuerpos y la facilidad para el control de las enfermedades así como el alimento dispensable. También un enjambre fuerte podemos dividirlo, haciendo lo que se llaman, enjambres artificiales. De este tipo de colmenas existen en Galicia de treinta a 35.000 con una producción media de 15 Kgrs. La producción entre estos dos tipos de colmenas gira en torno a los 800.000 Kgrs. mientras que la miel consumida duplica ampliamente esta cantidad.

La población de cada enjambre oscila entre los 20.000 y los 70.000 individuos, siempre de tres tipos fácilmente distinguibles y que se diferencian según sea su misión dentro de la colmena.

La REINA. Existe una por ca-

da enjambre. Tarda en nacer 16 días. Su alimento principal es la JALEA REAL. Vive hasta cinco años y su misión es la de poner huevos llegando a los 3.000 diarios en la época de primavera-verano.

Las OBRERAS. Nacen a los 21 días de poner la reina el huevo. Su corta vida, 35-40 días en primavera-verano, pasa por las siguientes etapas o "trabajos"... Así, sus dos primeros días los dedica a la limpieza de las celdas: del tercer al segundo día se encarga de alimentar a las larvas adultas (Hacen de nodrizas); del decimo segundo al decimo séptimo día, construyen las celdillas con la cera que ellas mismas generan (Son cereras); del decimo octavo al vigésimo primero día, etapa en la que contienen más veneno, se encargan de la vigilancia de la colmena; por último, cuando ya tienen 22 días, salen de la colmena y es cuando de "pecoreadoras", dedicándose hasta su muerte visitando de flor en flor para recolectar néctar y polen. -Hacén 1.700 visitas para juntar un gramo de miel.-

Los ZANGANOS. Son 24 los días que necesita para nacer. Se diferencian fácilmente de los demás gracias a que su cuerpo es mucho más grande que el de las obreras. Muere a finales de temporada porque cuando el alimento comienza a escasear (agosto-setiembre) son expulsados de la colmena.

SUSCRÉBASE A UILLA NOUA

CAFE-BAR —

PACO

Rúa do Viso, s/n
ARZUA

Cafetería - Restaurante —

O GLOMAN

Prolongación Ramón Franco, s/n
Tlf. 50 05 85

Sta. María - ARZUA



CATECISMO DO LABREGO

Polo R. P. M. Fr. Marcos da Portela

(II) DIVISION DA DOUTRINA LABREGA

P. -Xa vimos cómo sodes labrego, cómo estades acabadiños polo nome e pola fame de labre go, mais decideme agora, Cántas cousas está obrigado a saber i entender o labrego cando chega ter uso de razón?

R. -Catro cousas.

P. -Cáles son?

R. -Saber o que se deixa de comer, saber o que ten que traballar, esquecerse do que ten que pagar e non coidarse do que ten que recibir.

P. -Cómo saberá o que deixa de comer?

R. -Facendo recordo das larrotas que se pasan na sua chouza; establecendo comparanzas entre os magnates de bandullo a xeito de bombo, mofletes inflados, rexos e ben mantidos que se pasean, i entre os labregos que andan polas carrixeiras e congostras como almas en pena, esvaídos, fracos, esfameados, pensando no pan que non lles ven ás maus e nos cartiños que fuxen deles como da queima; botándolle olladas degorantes aos aparadores dos almacéns onde se vende xamón, salchichóns, pólos asados, per-

dices, dulces, conservas, queixos e outros manxares apetecentes; pensando nas veces que polo día adiante se lle abre a ún a boca e se lle vai o estómago xa canso de non dixerir más que patacas cando as hai pra comelás en cachelos, e sin sal moitas veces pra seren gallegos enxebres sin gracia, pois malditos si gracia teñen nin xiquera lla fan ao estómago.

P. -Cómo saberá o que ten que traballar?

R. -Vendo que non hai un chavo nin unha cunca de fariña na chouza, que o recaudador non dorme, que hai que manter á muller e aos fillos, que os que gobernan non fan máis que pedir tabucos, que os que mandan queren ter sempre o comedero acugulado, que o presupuesto de gastos é un pozo sin fondo, e que o presupuesto de ingresos non pasa de ser unha cesta que os estadistas se degoran por encher de auga, que sin cartos non se pode dar un paso neste mundo, nin hai xusticia, nin dereito, nin xique-

ra é ún xente, que desde lle chaman a ún volo no bautismo hastra niquitate no entero, pasando pola confirmación en que nos dan unha lufiada na cara, hastra o matrimonio en que nos xunguen a unha muller pra facer unha xunta de boi e vaca que ha turrar polo carro da familia, temos que soltar os cartiños dunha maneira ou doutra, pois si non é por fás é por nefas.

P. -Cómo poderá esquecerse do que ten que pagar?

R. -Poféndose bêbedo, volvéndose louco, meténdose cebrazas debaixo de terra ou morrendo.

P. -Cómo non se coidará do que ten que recibir?

R. -Facéndose de conta de que ten os ósos de goma pra que non lle doan por moito que mallen neles, non pasándoselle nin polas mentes que ha recibir cousa que seña de proveito nin que valla diñeiro, porque os labregos, de recibiren, forra do ben que lles veña recibindo a Deus, non reciben máis que xiringazos.

COMA
donuts®

GUARNICIONERIA
CUEROS Y PIELES
Arzúa
S.L.
Teléfono 500314
LABERCO ARZUA
(La Coruña)

O SOLITARIO

L.M. Camino
86

...O MEU NOME É «LEONEN». CHAMANME O SOLITARIO PORQUE TRABALLO SÓ. NON PRECISO DA AXUDA DE NINGUÉN...




AGORA ESTOU NUNHA MISION DE CONTRABANDO DE ARMAS E ESPERO CHEGAR ATA O FINAL.



CAPÍTULO - 1

L.M. Emílio - 86





SOÑAR NON CUSTA NADA

LOLO

Os que, fartos de ler nos xornais noticias que só falan de guerras, morte e violencia, acostumados a pasar as follas de corrido fixando a nosa atención somentes na letra gorda, ás vegadas temos sorte e as nossas pupilas dilatanse de ledicia ó topar con palabras que reclaman a súa atención ainda que estas aparezan na sección de Economía; disciplina da que un servidor non ten ideia nin gañas de escuchar en augas tan turbulentas.

Ven isto a conto porque onte folleando un periódico da semana pasada lin unhas palabras que inmediatamente me fixeron pensar nun mundo do que a súa imaxe se perde nun curruncho más agachado da miña memoria; ainda que, como todas as cousas boas, a visión durou pouco tempo, porque desguida deixei de soñar desperto, ficando tan só a sensación de algo que pasou polos meus miolos coa rapidez dun lóstrego.

Disque o petroleo se acaba dentro de trinta e cinco anos porque ó baixar o precio non hai cartos para investir na búsqueda de novos xacimentos; case me da un chouto o corazón coa sorpresa que me produciu a lectura de tales palabras porque dentro deses anos un xa será sexaxenario e a perspectiva dunha vellez apacible, sentindo e vivindo naquela paz interior que invade ó ancián que arrastra os derradeiros anos da súa vida rodeado dos seus chegados, é moi alentosa.

Métinme de cheo na lectura do devandito artigo que falaba de crise, porcentaxes e millós de barrís, conceitos que alestan vertiginosamente na miña cabeza, caendo pouco a pouco nese sopor que nos vence despois dunha comida farturenta. As forzas abandonanme e non poido sostener a testa que finalmente xace sobre do xornal naméntras os ollos se pechan peles ós meus esforzos por manteños abertos.

No mundo dos soños o espazo e o tempo non teñen fronteiras, polo que me vin viaxando no túnel do tempo que me levou a unha terra para min descoñecida aló pola segunda década do século vinteún.

Vínme sentado ó pé dun castaño ata que atinou a pasar por ali un cazador que levaba pendurado no morral un coello que ainda pingaba polo fuciño.

Como bó cazador, era falador, e non levaha presa, polo que tomou asento ó meu lado e, entre pito e pito, contoume o que deseguida vos quero contar a vós.

Díxome que xa non pasaban coches, que botan fume negro, por aquelas terras e as carreiras non se ven porque as herbas acabaron por tapalas, e que agora os coellos e paxaros que antes tiveran que fuxir xa volven a brincar nas restrebas e a facer os niños nas silveiras. Só de vez en cando sofrén un sobresalto ó escoitar o pitido do tren coas caldeiras resoplando pidindo máis carbón para poder arrastrar a recua que trae detrás, ainda que pouco a pouco se van acostumando a un sonido que ben escoitado non é tan desafinado.

Seica os mariñeiros chegan ó porto de madrugada, entumecidos e cansos de faenar toda a noite, pero as súas mulleres que agardan na riveira ven nos seus ollos o brillo aquel que só viran nos ollos dos seus avós cando eran nenas. A pesca foi boa, hai pescado no mar porque deixou de ser vertedero de lixos e non vloueu a ter sobre do seu lombo manchas negras que cabalgan enriba del deixando detrás a morte dos que só poden vivir no mar.

Contan os mariñeiros que tiñeron que dar un rodeo para non despertar as baleas que tomaban o sol ó atardecer, non fora ser o demo que desperten e se escorren agora que se empiezan a ver por estas latitudes. De novo as baleas volven a ser as donas do mar!

Contoume o meu falador amigo que non acordaba cando levantou por última vez a cabeza para ver que era aquel ronroneo que viña polo ceo, e seguir coa vista o paxaro de alu-

minio que se alonxa rapidamente ata non ser máis que un punto perdido na inmensidáde do espazo. Xa non se ven no lenzo de tercielo azur as grosas brochadas de cor branca que se cruzaban en todas direccións luxando a súa pureza.

Non, agora o ceo é máis azur e o sol máis marelo porque o único fume que vai ó seu encontro é o das chemineas das casas, do lume que arde na lareira; e a este levao o vento antes de darré tempo a formar esa cúpula negra que antes cobría as Vilas sen deixar ver o que había detrás delas... Agora só levanta a cabeza para mirar coa boca aberta o vo maxestoso e canso da cigoña levando no peteiro unha poliña para o que está a facer na torre do A xuntamento. O meu falador amigo riase contándome o despiste e descontrol das anduriñas tentando encontrar o curruncho máis gardadío debaixo dos balcóns despois de moitas primaveras sen aparecer por alí.

E aló, debaixo das polas do frondoso castaño, mentras escoitaba as varbas do meu falador amigo pín oubear o lobo que lle dícia adeus ó sol que na lonxanía escomenzaba a esconderse...

O ruido dos ratos no faiado, que xogaban coas espigas do millo trouxome de novo á realidade de roubándome dun mundo do que non quixera sair nunca. Recordando o soño que vira de ter vénfime ás mentes as verbas do crego que con esa mistura de humor e excepticismo galego replicaba: "... iso non o verán os meus netos"; cando alguén lle dícia que dentro duns anos os curas se poderían casar.

Pero isto non foi máis cun soño ó calorío da cociña, e ó fin e ó cabo soñar non custa nada.

SAA de XOGOS

CHAMBRICAS

Rúa de Lugo

ARZUA

RELACION MEDICO-ENFERMO

JOSE ANTONIO OTERO COTON

La imagen pública del médico ha tenido sus oscilaciones a lo largo de la historia, y ha pasado por ciclos de llamativa impopularidad, como en la España del siglo XVI en la que continuaban imperando las doctrinas de Galeno sin haber evolución en el saber médico desde el siglo II. Focas veces, en cambio, se ha idealizado tanto al médico como a fines del siglo pasado y principio del actual, pese a la menguada acción terapéutica de la época (las sulfamidas aparecen en 1935 y la penicilina en 1940). Cada familia tenía una actitud reverencial hacia su médico de cabecera, y la sociedad se complacía en afirmar que "La medicina es un sacerdocio" (que no parecía molestar a los médicos anticlericales de ese tiempo; y los curas aceptaban con gusto la comparación llamándose "médicos del alma"). Por la inercia de los valores sociales, esta postura hacia el médico ha persistido entre nosotros hasta hace pocos años. Paradójicamente ahora, cuando la medicina tiene un valor científico y un potencial terapéutico muy superior, se encuentra en una pendiente de descrédito y hostilidad. En parte, los motivos son ajenos a la medicina; en parte las quejas están justificadas. En España con la imagen de que la medicina es un sacerdocio, la sociedad pretendió que los médicos fuesen unos santos y consiguió que trabajasen gratuitamente en los hospitales o por sueldos totalmente simbólicos, y que en parte continúan aún actualmente con las Compañías de Seguros y con las Sociedades Médicas.

Lo asombroso es que los médicos jamás protestaron y contribuyeron a mantener ese absurdo presentándose a refiadas oposiciones para conseguir una plaza en Centros Hospitalarios de Beneficencia o de Asistencia Pública Domiciliaria, por lo que la mayoría de los médicos españoles trabajan muchas horas gratis. Como estas virtudes hergicas no alimentan, el médico tenía que compaginar esta actividad pública con la actividad privada de admitir pacientes en consulta en el domicilio propio, cobrando honorarios que normalmente eran altos en el caso de los cirujanos, no al alcance de la clase

burguesa. Cuando la burguesía explicaba el motivo de sus ahorros, siempre decía: "Por si hay una enfermedad". La precaria situación de la clase trabajadora y las crecientes minutas de muchos médicos hicieron que buscasen formas de protección y se apuntaran a "Sociedades Médicas" que muchas veces eran gremiales (En Santiago persiste una mutua médica. "Unión Protectora de Artesanos") en las que por una cuota fija y reducida al mes tienen derecho a ser estudiados por los médicos que agrupa la sociedad y a ser intervenidos quirúrgicamente y a los servicios de sanatorio, radoografías, análisis, etc. Esta ha sido una buena solución para los asociados, pero han destrozado la práctica de la medicina privada ya que los médicos no cobran por el acto médico, sino un sueldo mensual fijo y muy bajo, independientemente del número de enfermos que atiendan. El médico suele estar descontento y en general tenía horas distintas para los "enfermos de la sociedad" y para los "de pago" y aunque su actuación profesional sea competente en todo momento, tenía a dedicarle más tiempo a un enfermo que a otro, por lo que este se sentía tratado como "ciudadano de segunda clase", haciendo muy difícil la relación personal entre ambos.


Toda esta organización parte de la iniciativa privada y tanto enfermos como médicos estaban libres de sustraerse a ella; pero en los últimos 30 años la asistencia médica se ha implantado por el Estado. La aparición de la asistencia médica colectivizada se explica históricamente por la idea de que el derecho a ser asistido en caso de enfermedad no se puede responder con la Beneficencia. En 1884 el Canciller alemán Bismarck creó el primer seguro de enfermedad y ha sido modelo inspirador adoptado por muchos países, entre ellos España con la creación del SEGURO OBLIGATORIO DE ENFERMEDAD en el año 1942.

Por culpa de los propios médicos que nunca supieron defender sus intereses o por culpa de la Administración, el "seguro" se hizo a "costa de los médicos" y en unas condiciones

que hacían y aún hacen, imposible el ejercicio digno de la profesión. El asegurado por una cifra mensual moderada tiene los mismos derechos que antes en las Sociedades Médicas y además medicamentos gratuitos, o casi, y otros privilegios mas (incapacidad laboral, invalidez, jubilación, etc.), lo que aparentemente resulta maravilloso, y esto ha llevado a un abuso de solicitud de asistencia médica teniendo que el médico en las horas de consulta diagnóstica y pone tratamiento a 30 ó 40 enfermos y con una serie de papeleo burocrático para cada una de las múltiples recetas, bajas, partes, volantes, certificados, etc. En los primeros años de la implantación del Seguro de Enfermedad los menos afectados fueron las figuras médicas que siempre tenían su clientela quedando poca para el resto de los médicos que tuvieron que aceptar el Seguro a la fuerza. Y a esto hay que añadir la pretensión del enfermo a pedir recetas, bajas, certificados no procedentes que exige a la fuerza y a veces por la fuerza con el dicho: "para eso pago", no dándose cuenta de que la toma de medicamento encierra peligros e inconvenientes muy graves por los efectos secundarios de los medicamentos no controlados por el médico. Todo esto ha dado lugar a resentimiento e incomprendimiento por ambas partes, e hizo jirones para muchos años la tradicional buena relación entre el enfermo y su médico, que solía ser además un buen amigo y a veces su paño de lágrimas.

La situación no ha cambiado notablemente en estos últimos años, sí ha mejorado enormemente la asistencia Hospitalaria ya que hay muchos hospitales de muy alto nivel en el país, pero la asistencia de primera línea sigue evolucionando muy lentamente por desidia de los gobernantes que no le prestan la atención debida, no atendiendo a las reivindicaciones de los médicos que desean una medicina primaria más humanizada, mejor pagada, sin horarios de 24 horas todos los días del año y que se les diga a los enfermos cuales son sus deberes y sus obligaciones, con una educación sanitaria correcta que les informen de que el medicamento "cura y mata" al mis-

mo tiempo y que lo ideal es "pagar por no estar enfermo". Creemos que los médicos y los enfermos están condenados a no entenderse porque para ello sería necesario volver a la situación de antes de Seguro de Enfermedad pero esto no es posible ya que la sociedad tiene derecho a la salud y al bienestar y a favorecerse de los avances de la técnica y para ello siempre hay que contar con los Poderes Públicos que hacen que: "Dios no se entiendan porque hay un tercero que incordia".



CERRAXERIA
VILLAR
TLF. 50 01 40
STA. MARIA DE ARZUA

POESIA

REGISTRO DE FINAL, ENTREI SENTIGO E ARRIBA DE CANTO (1976-1984)

Entréi sentigo e arriba de canto
trazamos amaros cercos retidos na memoria
e os beizos sobremorrendo
coma lansías tumbadas polo inverno na fondura que provén do espanto.

Queren festexarnos nun viaxe lonxanísimo de corpos abertos
nunha longa travesía polo mar
na ledicia perpetuada da celebración a ti
que sempre me reanuda baixo un signo solitario
de pequenos saltos arredor do cómaro na pérdida do día,
da úlcera, do territorio.

E ali están os gozosos estronicios nas horas de íntimo,
a nai tan querida sorprendida na fiestra coma un preso común,
e os nenos da poesía difuntiños na inocencia
sometidos de amor por mulleres de rostros e de corpos insaciables.

XAVIER RODRIGUEZ BARREIRO

ANTROIDO-86:

Falabamos de que tiñamos un "burro", boeno en realidade temos moitos más pero con ún para esta vez abonda.

O burro podédelo ler como se fose dirixido a vos mesmos. Non é que a Revista queira meterlle un burro os seus lectores, non. O que pasa é que os burros hainos que ler cun pouco de agarimo e hai que ler entre liñas. Un burro non é nunca mal intencionado nin desdeñoso o burro é ledo moi ledo e como ben dixo aquel que falaba coa risiña. Eu, por trintaecatro peseiras na vida leín couxa coma esta.

Son cousas do tempo de Antroido. Antroido frío que os arzuáns abordaron coma se fora unha festa do mes de Xuño. O mal tempo, sí é que o mal tempo existe, non foi un atranco para divertirse en Arzúa.

Nas fotografías que tedes nas páxinas seguintes tedes boa mostra de que en realidade non fixo tanto frío.

Olladeas ben que son as fotos do primeiro Antroido europeo. Olladeas ben que non é fácil distinguir o fotografiado. As fotos están tan mal feitas que ata vergoña me da decir o nome do "fotografo?".



MAQUINARIA

MOSCOSO

Rúa Castelao, 28
Tlf 500346

— ARZUA —

ANTROIDO - 86



BURRO. CARA-A

Feliz: Un dia calquera - Desto mes - Do dia que tu sabes ti.

Tema: Burrología.

Como xa sabes un burro é un animal típico, bostas festas, que pertenece a familia dos burros piados. Cuya uña é un burro (que hace en dia escocido) o seu pai é o do burro (que cada dia hay uñas) e destas sale o burrito por donde é que supongo te das sabores e habedes praticado mui's ducha vez.

Nunca te dicuache miu uña vai a doñar, un burro come hi uña sompo calcetar.

Tómate da ventura cache chondo frito que vas a dar un susto a San António Bendito.

Es peludo, me ers bigotudo pero non el hoxe unha crincha.



- Un conseil que che pido que Xacobe nos de que hoxe: escriba na uña burro come o que escribo hoxe: Burro grande, grande no andar.

- O dolor que sient este burro cuando lle traen do rabo e o q en seco cuando de te me separa.


- Un Fernando Estes cantando, nun atriz xugando nun teatro mui tipo que te casi estás pasando no prado.

- Vente o outro dia con ... mi acordado, mi lección, esperando de che entres a tua moaña.

- O burro naspua causa provincial da Vello como el culo de un camello. Prado e desemboca - Piedras compuestas mui importantes son Utega, los mejores. O chupete eo capillán para la alimentación.

- O pavé por diante da tua casa para un burro a mi: eres grande el conos cosa un burro.

- En el jardín de mi casa hay una flor preciosa, cada vez que la visto veo acuerdos de tu cara babosa.



- E horas de despedirme burro faridón e licón, un burrogo como ti sempre chama a atención. Nunca te casa de mida esterco do meu corral éste te llevar a feira a venderme por un real.

- Aiuda que che mande este burro que non che/ leva follas e carbillos / cuquis que che querem tanto poda levar os en tempo de Carnaval.

- Un dia cuando vao cheo este burro que non che/ leva follas e carbillos / cuquis que che querem tanto poda levar os en tempo de Carnaval.

- Este burro te se despi Ahora xa non se levanta / cada feite aposta, se podille a filla a mi / que non quere responder.

Pai seván entrar pola escrita ai: "meu burro come lleval! y saíte seu rat Amén dícese ó a do ano passado.

BURRO. CARA-B

- ¿A que este burro non esta mal? Bueno xa se sabe que o outro está mellor, pero os burros foron alura son coñas as persoas uns u son ven quapas e outros que non han querido pra eles.

- Este burro que che manda non vai con mala fe, ten cuidado o pelo non pensas que fu en...

- Burro que vais de mis uñas canudo que vais andar sole, patadas de mi parte a que vos a visitar.

- Cuando hablas cuando hablas estes chulos cuando hablas con otra hablas estes burros.

- Un dia cuando vao cheo este burro que non che/ leva follas e carbillos / cuquis que che querem tanto poda levar os en tempo de Carnaval.


- Este burro te se despi Ahora xa non se levanta / cada feite aposta, se podille a filla a mi / que non quere responder.

Pai seván entrar pola escrita ai: "meu burro come lleval! y saíte seu rat Amén dícese ó a do ano passado.

SUSCRÉBASE A UILLA NOUA



D.J. ANTRO 100 - 86 - D



BANESTO

Banco de todo crédito

A INCONTROLABLE LENDA DE ARZUA

ANTON GRANDE

A Banda Municipal de Arzúa deixaba sons de mocedad musical no aer. Bailábase na Praza Maior o ritmo tropical e as fortes botas dos danzantes remarcaban o seu pisar no sono co das pozas cativas. A choiva ameazaba novamente, o director da Banda marca coa batuta e unha queixeira ainda nova, que tentaba facer negocio, tecia por vender o seu producto seis veces mais do normal.

- Tolea vostede -decía o puxador-. Virei mañán e terámos que regalar.

- Pois ven mañán, meu rulo, que hoxe xa se mirará.

Chovía xa preguizosamente, a música chegaba acalada á casa dos Pedreira, situada xusto por detrais da Praza Maior. Tiña a casa as súas arcadas de pedra, lembranza de arquitectura galega, que deixaban asentar o tempo pasado mainamente.

Había xa moitos anos que aquela casa, agora sometida por intrépidas e novas construccions, deixara de ser o centro de reunión de petrucios vidos de Compostela e Melide, labregos da comarca i estudantes asenoritados de Compostela. Iso, sin esquencer a queixeiras e tratantes que xa nas primeiras horas dos días feirados ocupaban postos de competencia lícita no Campo da Feira, praza ca-

drangular atravesada no lombo pola estrada camiño de Lugo.

Na casa Pedreira había sona, ganada de ano en ano, de xantarse nela os millores callos da parroquia. A tradición seguise a manter e o cativo comededor, non mais de oito mesas, topábase ó completo.

Unha rapaza loira, de tocado arabesca, xogaba ó fondo con un bolo de pan. Noutra mesa, tres homes falaban do tratado na feira e un carto encía os vasos de tinto quirogués. Perto da entrada, dous homes fumaban sendas "Fariás" apurando o grolo de augardente para deixar sitio ós que na porta ou no mostrador baleiran cuncas de espranza. No centro da sa, como sempre, unha mesa baleira con dous servicios e dou caraveles roxos nun floreiro de peana plateada.

- Ben nos poderíamos sentar nesa táboa, comentou alguén.

- Esa, respondía Hermitas, preocupada por poñer os pratos de callos, está ocupada. Teñen que agardar.

E seguía a camiñar cara á cociña.

Nótase que son estudiantes mozos e non saben a historia, comentou Anxo Bravo á súa compañeira mentras mollaba unha codia de pan no prebe.

Qué historia é esa certamen

te? inquiriu Pilar.

Cóntase, e penso que con toda certeza, engadíu Anxo, que na mocedad da Hermitas tiñan por costume vir eiquí a xantar os días de feira dous rapaces que estaban namorados dela. Os dous eran grandes amigos e ambos dous disputaban os favores da mesoeira. Cada quen tentaba ser superior o outro cando a tiñan de por frente.


Un día de feira chegaron os dous a Arzúa. Laparon unhas racións de pulpo, beberon unhas cuncas e moitas más e viñeron xantar eiquí. Sentáronse precisamente nesa mesa do centro e chamaron a Hermitas para que lles puxera uns bons platos de callos.

- O que mais callos pape, hásé quedar coa Hermitas, sabe se que dixo un deles.

A proposta foi aceptada polo outro e calados, deron inicio ó xantar. O principio, comenzaron tragando con certas presas, propias do impetu inicial; logo deron en remoer con lentitude, tomado mais viño do necesario, fitándose con ollos cada vez mais violentos, nunha espiral atormentada.

A Hermitas non quería dár-lles mais callos, os dous insistían, blasfemaban i Hermitas cedía poñendo novas racións.

Os dous caeron case ó mesmo



DON MANUEL
DISCOTECA-PUB/ARZUA
Tlf. 50 01 29

SÉ O QUERES PASAR
BEN. VEN A...

DON MANUEL
- AMBIENTE XOVEN -

BENDAÑA

- * TV-COR. VIDEO-SONIDO
- * INFORMATICA
- * ELECTRODOMESTICOS
- * ELECTRICIDADE
- * MOBLES-COCINA

Rúa Castelao, 33

ARZUA

tempo riba da mesa. Boqueaban i enchián o mantel de inmundicias. Tamén arroutaban fortemente. Ficaron mortos ó cabo dunha media hora sin que se poides facer ren por eles.

Parece ser que Hermitas pasou uns meses en Conxo e ó voltar, fixose cargo novamente do negocio. Dende aquela, os días de feira, dous caraveles roxos e dou servacios postos na mesa gardan a memoria dos seus dous namorados.



SUMINISTROS VIÑAS S/L MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN

Subdistribuidor Roca

Ramón Franco, 38
Tlf. 50 00 76

ARZUA

ANXO GRANDE
86



- A dona da cidade: Pues yo horneo en la cocina nueva que me regaló mi marido.
- A dona da aldea: Pois na miña casa a única que ornea é a burra.

GRANDE 86

COUS/NAS - 86



- O rico ó pobre:
Eu teño moitas cousas
- O pobre: Pois eu teño unha moito mais grande das que ten vostede
- ¿DE que é?
- ¡¡ POBREZA !!

GRANDE 86

ATENCIÓN

NOVO PRECIO DE «UILLA NOUA»

Agora 1 Revista por só 283,02 pts.

• 283,02 + 16,98 (6% IVA) = 300 pts.

RESUMEN:
TODO SIGUE
IGUAL



CAFETERIA

Rúa de Lugo, 34
Tlf. 50 0207

MARY'S

ARZUA

COLUMNA DEL ILÓGICO
(X.D.B.)



contínua. Pues eso, la línea
raya continúa. Hizo
estros tres héroes lo
R-5 que adelantó a nu-
dato que faltaba: el
Us darse también un
brir la verdad.
or columna para descu-
que relléais mi anteri-
a que pretendía decíros
Me refiero, claro está
en mi último mensaje.
is de entender muy bi-
tal vez no acabase-
asome a mí cerebro.
tantas ganas de que se
cribís La duda. Tengo
en donde sea y me des-
vor, escribió aquí o
rizada. Un día, por fa-
se acerca, haye aterro
de luengo, la duda no
tros por que a voso
vade. Os invadé a in-
rritable duda que te
la respuesta de esa te-
cedme caso y hallareis
go, dadle vueltas, ha-
relevar lo que yo os di-
muy fácil de entender,
alforbra el camino. Es
sa jefe. Es más aun se os
zar a entender mi men-
osibilidad de alca-
so tenéis ahora doble
fuerzas; además inci-
redobles; vuestros es-
hecho. Us conseguio que
ni caso me habéis

OBRADOIROS

MECANICA
CHAPA

Rúa de Lugo, 113-115
Tlf. 500069 e 500273
Particular ARZUA

TAPICERIA

ALSÚ

Rúa de José Antonio, 26

Tlf. 50 05 81

ARZUA

CASA

HOSPEDAXE E XANTARES

FRADE

Rúa de Ramón Franco, 10

Tlf. 50 00 19

ARZUA





Café - Bar

CASQUEIRO

Especialidade en Hamburguesas, «Franfurts» e Pinchos Morunos

Praza, 1
Tlf. 50 00 04

ARZUA



**CAIXA RURAL
PROVINCIAL**



Galicia Apícola

DISPONEMOS DE TODO TIPO DE MATERIAL APÍCOLA:

- Colmenas- Extractores - Cera - Medicamentos - Alimento - Libros...
- Colmenas "Dadant y Langstroth"; pobladas con abejas.
- Colmenas y cuadros desmontados.
- Miel con la garantía de "Galicia Apícola"

* Si tiene problemas con sus abejas,
NO DUDE EN CONSULTARNOS

* Si sospecha de alguna enfermedad,
mándenos una muestra para
ANALIZAR y le diremos el
TRATAMIENTO ADECUADO en cada caso.

SANTIAGO

GENERAL ARANDA, 13



PRAZA DE
GALICIA



HOTEL
COMPOSTELA



ENSEÑANZA



GALICIA APICOLA

PORTA DO
CAMIÑO



RUA DE S.
PEDRO

UILLA NOUA




★★★

voceiro arzuán

Arzúa, FESTA DO QUEIXO ~ EXTRA



non señor...
non me queixo
do queixo;
do que me queixo
é do queixo.



Liso - 86

XI FESTA DO QUEIXO - ARZÚA-86



FOTO MOSTEIRO

MATAN

- * MOSTRA E VENDA DE QUEIXOS
A partir das 10 horas:
 - * Gaiteiros "OS ROMANS".
 - * Agrupación de gaitas de Camariñas.
 - * Xaramugo.

11,00 h. * Grupo de Danzas de Arzúa

12,00 h. * Entrega de premios do concurso de carteis.

12,30 h. * Lectura do Pregón por D. Xosé Antonio Silva.

13,00 h. * Concerto "da Coral Polifónica de Arzúa, dirixida por D. Andrés S. Sixto.

13,30 h. * Concerto da Banda Municipal de Arzuá, dirixida por D. Xosé Cés Lorenzo.

-
- * Exposición de maquinaria agrícola e mostras de cerámica.
 - * INVITACION a QUEIXO e VIÑO pola comisión organizadora.

TARDE

- * FUTBOL: Partido de Primeira Rexional no Polideportivo Municipal do Viso entre os conjuntos:
 - BREXO LEMA
 - C.S.D ARZUA

* FESTIVAL

A partir das 18,30 h.

Actuarán:

- Suso Vaamonde
- Na Lúa
- G.N.R.
- Os Resentidos

* VERBENA

- Banda-Orquesta de Arzúa

Sábado 1 de Marzo

18,00 h. Balonmano.

- San Valentín
- CSD Arzúa

20,00 h.: *TEATRO

Posta en escena polo grupo "DITEA" da obra: "A Lenda de Xoan Bonome"

* Iº FESTIVAL POP-ROCK. Organizado polo INB e CSD de Arzúa

G.N.R. e OS RESENTIDOS

ANA MONTENEGRO

OS RESENTIDOS, sólo para radioaficionados.

Capitaneados por el polifacético y delirante Antón Reixa, quien con la misma soltura da clases en un instituto, gana premios de poesía, hace videos, escribe obras de teatro o se sube a un escenario, OS RESENTIDOS son algo más que una banda de música, mucho más... pero sería superfluo hacer una enumeración. Además de Reixa, como voz, letrista y hombre espectáculo, el grupo lo componen: Alberto Torrado (bajo) Javier Soto (guitarra), (ambos miembros a su vez de Siniestro Total) y Rubén Losada (teclados, caja de ritmos y viento). En algunas de sus últimas actuaciones contaban con colaboración de Vicen

como batería. Su primer L.P., aparecido en la primavera del 85 y titulado "Vigo capital Lisboa", a pesar de estar íntegramente grabado en gallego, con variantes lingüísticas sólo localizables en el barrio de Coya y sus aledaños, fué un éxito de tal magnitud en toda la península que la casa discográfica les dijo que tenía que grabar un nuevo plástico. Ya mezclado aparecerá muy pronto en la calle conteniendo esta vez abundantes versiones de viejos temas.

Entre los logros de OS RESENTIDOS figura también el haber sido incluidos en la Enciclopedia Gallega sin haber pagado un duro pero sus mejores virtudes se aprecian al escuchar una de sus inmortales caricaturas urbanas.

G.N.R., música atlántica para tiempos de crisis.

Son una de las más interesantes bandas portuguesas, son, desde lue-

go, la más exportable e inquietante formación surgida en tierras lusitanas, concretamente en la verde sa ciudad de Porto. Su nombre procede de un juego de palabras que fluctúa entre Nuevo Grupo Rock y Guardia Nacional Republicana. G.N.R., fundado en 1981 por Alexandre Soares, Víctor Rua y Toli, ha ido evolucionando a lo largo del tiempo en sus intencionalidades estéticas, en sus contenidos musicales y en su formación que actualmente in



tegra a Rui Reinunho (voz), Alexandre Soares (guitarra), Jorge Romao (bajo) y Toli (batería). Cada uno con inclinaciones artísticas que van más allá de las específicamente musicales y entre las que sobresale la faceta de Rui como poeta, ha editado ya un libro y además es el responsable del contenido literario de los temas.

Con tres L.Ps. ("Independançā", "D'efeitos Especiais" y "Os homes nao se querem bonitos") además de varios singles, el grupo ha conseguido escalar las más altas cimas de la popularidad en su país. En los últimos tiempos trabajan en un lanzamiento español que tuvo como prólogo de lujo la presentación en la desaparecida sala Astoria de Madrid.

El sonido de G.N.R. tiene un se

Ana Montenegro

PREGON DE ANTON FRAGUAS F. NA IX - FESTA DO QUEIXO

Fai mais de cincuenta anos que pasei por iste camiño e por iste pobo, na compaña de outros amigos pra percorrer as terras de Melide e arrecadar datos pra facer o estudio da comarca. Na casa onde para ba o coche de línea había nun departamento adicado a comedor unhas pinturas murales feitas por un entoncés xoven pintor e poeta, Prado Díaz, que índá vive en Compostela. Levo dende aquela data pasado moitas veces por estes camiños e tamén meditado moito no seu pasado que se apoia na prehistoria e na estampa xeográfica do presente.

As terras Arzuás mostran moitos restos de mámoas e de castros que nos axudan a comprender as raíces de velllos estamentos e a importancia do lonxano poboamento; xa fixo en lugares onde podia desenrolar a súa vida. Viñeron xentes de fora e impuxeron novos rumbos, a vida cambeou de un modo semellante a como vai cambeando nos nosos días. Abríronse camiños e orgaizouse millor o comercio, cultivaronse mais terras porque había mais poboación pra manter, os veciños deixan o castro e aséntase na encosta e no val. As vellas calzadas romás che garon ós nosos días e o carro, tan gasalleiro, sempre troupe leo con aires de muiñeira, cando valeiro baixaba pola corredoira empedrada, e cantaba ledizoso cando iba cargado pro curral do seu amo.

A calzada román veu emparellarse outro camiño, o Camiño Francés, que foi tan grande a súa importancia que a súa rota foi camiño por excelencia. Foi camiño de pelengrins, de Santos, de Reises, de tremendos pecadores, de grandes artistas, e de furibundos ladróns. Nos momentos de mais movimento de xentes pra Compostela, Arzúa tiña unha muralla pra defenderse de peligrosos viaxeiros, pero tamén, claro está, pra recaudar os dreitos de portádego. E, precisamente, por semellantes cobranzas polo que sabemos dos seus muros. O señor da Vila era o Arcebispo de Santiago que ten uns dreitos especiales ben especificados nos Furos; no dreito de portádego sinala a percepción de cada un con estas verbas: Item ha mas el dicho señor la mitad del portaje e la otra meitat lieuala el concejo del dicho lugar por privilegio que ovie-

ron de los Arcebispos Don Berenguel e Don Pedro, para fazer la cerqua: e fueles otorgado por once años que son passados e mais seis anos: e agora cónsenlo sin privilegio nin confirmación vuestra. Están coa cerqua, é decir coa cerca, como se chama a muralla de Santiago nun gran tramo onde había unha imaxe da Virxe nun nicho, e inda hoxe se chama así. O Arcebispo Don Berenguel, é Don Berenguel de Landora contra quen loitaron os composteláns que desexaban impoñer o poder civil independente do eclesiástico, o poder dos leigos sober do poder eclesiástico. Quizais por os acontecimentos composteláns non fai reclamación ós alcal-

des de Arzúa que cobran xa fóra do tempo que lle deran. O outro Arcebispo é Don Pedro-V que morre no ano 1351.

O Camiño Francés ten a sua guía dende moi antigo e Arzúa queda no medio de duas estacións que se citan por Aymere Picaud: Castaniola, como di o Calixtino, Castañeda, e Ferreiros. A Castañeda era moi importante polos fornos de cocer a cal porque eiqui facíase o cemento, como lle chama Walter Starkie, e as pedras de cal traíannas os pelengrins dende Triacastela, localidade que se atopa no Cabeiro e Liñares, a pouco de entrar en Galicia, era como unha penitencia imposta por

CALZADOS

MATO

José Antonio, 1

Tlf. 50 03 19

ARZUA



RENAULT

Obradoiros:

FIUZA

AXENCIA RENAULT

TURISMOS DE OCASIÓN

Tlf. 50 02 31

Teiraboa
ARZUA

cada ún, a seu gusto, pra contribuir dese xeito á obra da Basílica Xacobea. E mais preto de Arzúa, ahí en Ribadiso, xusto ó pasar o río pola ponte vella, que colle o camiño dreito que baixa dende a volta da Portela, atópase unha casa arruinada, foi un Hospital que se chamaba Hospital de Ribadiso e pertenecía o gremio de plateiros de Santiago. Atendía os pelengrins, cárondolle as feridas principalmente dos pés, os pelengrins parolaban e así xurdían contos e lendas, historias de Santuarios, milagres de Santos e loitas de señores ou amores de princesas e das damas do castelos. Os veciños de Arzúa escoitaban de mañaniciña cando saian pro agro pra oír algún canto de viaxeiros en línguas alleas, e poída que algunha vez un troveiro fixera un recital de namorado acompañado con dulzaina ou zanfona, a algunha fermosa arzuana.

Os viaxeiros que escribiron do seu viaxe teñen notas curiosas, certas inasactitudes e cargan a mais non poder as notas ruíns que lle cadrou de atopar. E pra que vexan un exemplo reparen no que dí Jerónimo Münzer no seu relato: "O día 21 de Nadal, escribe Münzer, despedímonos de Santiago i-encamínámonos a Ferreiros, aldea a cinco leguas de aquela cidade, onde tivemos fementido hospedaxe. O seguinte día fixemos unha xornada de nove leguas pasando polo lugarexo de Melide, e por Segonde; o 24 chegamos a Portomarín, e, dende ali, atravesando un gran río e o cabo de oito leguas a Sarria. Toda esta comarca é fértil inda que montañosa e pouco poboada; a carne de porco é nela o alimento principal, e, verdadeiramente que a xente do país é porca sobre toda ponderación".

Como lle chamou lugarexo a Melide, escoitemos o que nos dí outro relator, Antonio de Lalain, señor de Montigny, na descripción do viaxe de Felipe o Fermoso, a quen acompañou nos dous viaxes, fala así dos mesmos lugares, sendo moi pequena a separación dos anos: "O martes oito de marzo, refire Lalaing, pída a misa foron a parar a Ferreiros, cando habían camiñado cinco leguas. (Cearon e dormiron allí). O mércores camiñaron catro leguas, logo comerón en Melide, vila fermosa, pero pequena; é condado e hai ali castelo. e despois camiñaron cinco leguas e alóxáronse nun pobo chamado Guntín". Ahí temos a diferencia. Este, o señor de Montigny, comeu e durmeu en Ferreiros e atopou as cousas ben e todo limpo; pero onde se descobre millor a diferencia é na referencia a Me-

lide, pra Münzer é un lugarexo, usa a clásica forma despectiva, mirou e non supo ver; en troques pro señor de Montigny é unha vila fermosa. Fácemos a cita pra que non pensemos que por ser extranxeiro xa vai facer loubanza da nosa terra.

Hai que destacar tamén o fenómeno románico mais ou menos relacionado co Camiño Francés pero sempre realizado polos canteiros galegos, e,

como unha constante; a vida campesiña afincada á terra na que cada primavera é unha espranza e cada outono unha gozosa regalía das colleitas, xa nas arcas trigos e centeos, e as castañas nos canizos. É interesante ouxever a chegada de novos froitos, o millo e as patacas, e o planteamento de pagos de rendas, cando estas plantas teñen xa un volumen cobizoso nas sementeiras.



ELECTRONICA NÚÑEZ

Reparación TV Color e B.N. Radio-casette Video... }

Rúa Santiago, s/n
Tlf. 500319

ARZUA

A terra arzuán é terra onde os soutos de castiñeiro cubrían notables estensións de encostas nas veiras dos ríos, foron desaparecendo e hai necesidade de retornar a esta noble planta que da beleza a un lugar, sabroso froito e madeira de gran calidade. Índa hai no paisaxe o carballeiro triunfante, as grandes carballeiras gala de moitos lugares, tamén elas tiveron moitos nemigos: a construcción de vivendas, os maquinismos de labranza, os barcos, as travessas do tren e o lume. De vez en cando pérdeuse un carballeiro tipo, un carballeiro co seu nome como o Carballo das mentiras, en Calvos de Sobrecamiño, non era un patricio como o de Santa Margarita de Pontevedra, era un árbol emprazado na veira do camiño disposto de tal xeito que permitía sentarse ó seu redor de un modo natural polo rebaixe da terra, agora sentábanse na súa veira os veciños que tiñan os seus parlamentos denantes da Misa, nouros tempos debeo ser no carballeiro onde se xuntaban o Consello parroquial, e quizais de tales xuntanzas acadara o nome. Índa quedan grandes chouzas e carballeiras como a da Castañeda que fai a maravillosa estampa diante da casa de Saavedra e a Carballeira da Illana da que hai de lembrar a cantiga da costureira a que fan unha pregunta pra onde se vai seu corazón e da unha curiosa resposta pra que ninguén intente minguar a súa illusión:

- Costureir bonita
dime dónde fas o niño:
- na Carballeira da Illana,
no máis alto carballeiro.

Na economía arzuán ten unha importancia moi grande o gando. No século pasado eran moi numerosas as greas e os rebaños. Nun certamen que se celebrou en Santiago con motivo das Festas do Apóstolo o 25 de Xulio de 1861 gañou un premio de 200 reas un potro de dous a catro anos, Don Antonio Sánchez Barallobre, natural de San Xulián de Cumbraos. Era un concurso de gando pra estimular ás xentes a seleccionar o gando. Pero temos que facer eiquí unha distinción: as vacas. Un aforismo galego dí: a vaca é a pipa do labrador. Deica agora a vaca foi todo pra un labrador e na maior parte de Galicia os veciños sentianse solidarios no caso de que unha vaca caise por un barranco e rompese unha perna, había que sacrificala e os veciños iban todos mercar carne pra axudar á perdida. A xugada era o motor de todo o traballo: carro, arado e grade funcionaban tirados na maior parte das familias, por unha xugada de vacas; uni-

camente os carreteiros tiñan as xugadas de bois e os labradores mais podentes. O dono vía nas vacas, na xugada o seu gran amparo. Vai desaparecendo a tracción animal, o carro. Agora que os estoupidos do tractor apagaron o seu canto lembremos os versos de Cabanillas: "Meu carriño!"

Carriño forte e xeitoso
meu carriño
arrollador e mimoso
como o berce d'un meniño!
Meu carriño cantareiro!

O de xugo e cabezalla
coa puntiña da navalla
pulidos da miña man!

Sempre ó paso, sempre xunte
(tos entre estripos e entre frores,
cantemos nosos amores,
sin sair do noso chan!

Meu amor de carreteiro!
Meu carriño!
O do eixo de ameneiro
e os canizos de sanguíño!
Lévame, meu carro, leva,
pola meiga terra nosa
que a miña alma saudosa

lonxe d-ele non se afai.
Lévame por onde escoite
a fala doce e sentida
entre bicos deprendida
no colo de miña nai!

O poeta ten pro carro unha saudosa despedida:

Oxe correiro abaixoa,
mañán correiro arriba,
mentras ti dures e eu viva
teremos un camiñar.

E cando ti xa apodrezas
e eu dé o laio derradeiro,
que fagan do teu chedeiro
a caixa pra me enterrar!

O do eixo de ameneiro
e os canisos de sanguíño!
Meu amor de carreteiro!
Meu carriño cantareiro!
Meu carriño!

A desaparición do carro como a desaparición da cociña de lareira é unha mostra de gran transformación. O carro morre sin que se teña despelizado o seu canto nas vilas e cidades. Quizais índa algúen lembre a tabua co letrei-

GESTORIA SOCIAL LABORAL, FISCAL Y CONTABLE

LUGO, 16
TLF. 50 01 26

SOCIAL

ARZUA



ro: VEHÍCULOS 10 Km. a la ho-
ra. PROHIBIDO EL CANTO DE LOS
CARROS. Por eso outro poeta
Eladio Rodríguez González, a-
dicoulle tamén os seus versos
dándolle consellos:

Non te metas de romplón
por onde haxa pedrugallo.

Vaite ben a modo, ò son
da tua rítmica canción,
que nos eidos é traballo
e nos campos é oración.

Cánsate nos teus camiños,
enzóufate nos bulleiros,

espiñate nos espiños,
máncale nos comareiros
e móllate nos lameiros
dos tarreos campesiños...

Mais non entres na cidade,
pois se te sinten cantar
xa non te deixan pasar
no nome da autoridade...

E non te vayas rogar
que xa te virán buscar
por propia necesidade!

Como un turbión que vai a-
rrasando todo xa poucos ca-
rros quedan soio nas terras

moi quebradas seguirán usando
por agora, o seu carriño. Que-
dan as vacas liberadas do xu-
go e do trobo, pero a vaca se
guirá sendo o animal familiar
tan mansiñas que chamadas den
de lonxe viñan, como un cán,
pra comer un codelo de brona
ou unha espiguía nova, e a
súa crianza faciase con deli-
cadas atencóns porque na va-
ca encerrabase unha ilusión
como refiren versos de Crecen-
te Vega, adicados a unha bece-
rra, a unha pucha mal mantida,
que comprou por trinta reás:

A MINA PUCHA

Cavilando coma un tolo,
entre trasgrolo e trasgrolo
pensaba na cama eu solo
como porme en gado meu.
Ter vacas miñas! Canté!
Pro fai falla ter un pé.
Ti cómo farás José?

Maxinando n-isto eu,
Anxela dime baixiño:
Sabes en qué penso homiño?
En pillar outro camiño.
Ou non val Pepe d-Hermida
mais que pra tirar dun raño?
Mérca unha puchiña, diaño,
anque sea coma un año,
pra empezal-a nosa vida.

E aforra que aforrarás,
hoxe un can, mañán dous cas,
á conta dos meus xornás
merquei onte na Barqueira.
Non é moi grande a becerra,
óra que é moito por terra.
Non me baixou unha perra
dos trinta, e fixen boa feira.

Os pés esquerqueñadiños
ten, e os osos ispidiños
coma as pedras dos camiños,
e o pelo repuluxado
coma os dentes dun restrelo.
Tocoulle pouco farelo,
que nadia dí coma o pelo
se ven de man probe o gado.


Ven de pasar fame pura;
pro ten oso e armadura
pra botar boa figura
o día que ande ben chea.
E anque é hoxe unha pataca
e como os cainzos fraca,
hei facer dela unha vaca
como as millores da aldea.

E logo hasta é tan mansiña!
cando seu dono a acariña
pandéase, e tan quedíña
se queda coma unha pedra,
sin moverse ben nin mal.
Que é tolamia? Non é tal,
que anque sea un animal
tamén co cariño medra.

Becerriña que remós,
ti has-me de dar puchos bós,
ti serás meu ben de Diós,
pra que a fame non me anubre.
Ti no aleitar has de ser
unha fonte, si Dios quer,
e os meus fillos hei manter
co leitiño do teu ubre.

Por tí de probe hei salir.
En tí vexo o meu porvir,
o empezo do meu vivir,
o comenzo do meu gado.

CONSTRUCCIONS



CHOFRICAS

Ramón Franco, 113

Tlf. 50 00 53

ARZUA

INCREIBLE PERO CIERTO...



...POR FIN CAYÓ EL CONEJO !

Agencia Matrimonial "ALMAKI"

Con qué pracer te aloumiño,
miña pucha, meu cariño,
a de esqueleto ispidiño
e pelo repuluxado!
teño de facerche un traxe;
heite por de boa peñaxe
co milllo da miña ucha...
O que é se Dios te me deixa.
Miña becerriña teixa!
meu cariño. Miña Pucha!

En Arzúa tiña que ser moi
boa a carne de vaca como pode-
mos demostrar lén dolles un
mandato do Fureo da Vila. Hai
que ter en conta que o Arce-
bispo de Santiago, como xe se
dixo, era señor da Vila, e o
Fureo dí: "En el dicho lugar
de Arga da el concejo al se-
ñor (niste caso o señor como
acabamos de decir é o Arcebis-
po) cada que fuer o vinier a
Castilla e pasar por y un o-
dre de viño e sesenta panes e
unha perna de vaca."

Agora diremos: falouse do
gando, das vacas, do leite e
preguntámonos a nos mesmos: e
os queixos? Do queixo non fa-
la o Fureo pero temos un docu-
mento o que non se lle borrou
a tinta. Trátase dunha repre-
sentación dos queixos arzuáns
o lado das empanadas de lamprea
de Padrón, o caldo na po-
ta e o viño quizais da Ulla
ou do Salnés. Todo un banque-
te de bodas. Están esculpidas
tales viandas en fino granito,
nas ménsculas do Pazo de Xelmi-
rez en Santiago, no gran come-
dor onde se representa unha
boda de moito fuste; Sánchez

Cantón cree que pode ser a bo-
da de Alfonso-IX de León, es-
te rei morre en 1228, polo
tanto dende fai mais de 700 a-
nos os queixos de Arzúa forma-
ron parte das boas comidas.
Non variaron de feitío, nin
de tamaño, son redondos e
completamente planos. Formaba
parte o queixo arzuán das
grandes comidas, das más
vistosas comidas. Algún tempo
cantábase na ruada a cantiga
do queixo, millor do que co-
mia o queixo; do criado que
louvaba a fartura na casa do
seu amo:

A mañán almorzo queixo,
ás doce queixo con pan,
á tarde merendo queixo
e á noite queixo me dan.

Alguén me dixo un frase a-
tribuída a Mártañón: ningunha
comida de queixo nin sin quei-
xo. As verbas do ilustre es-
critor recomandan o consumo
de tan delicado manjar, e sen-
do consello de médico inda de-
be ser mellor acollido. E pos-
to que espigamos no Cantiguei-
ro lembremos a petición pri-
meira que sefai do leite, ma-
teria prima pra outer o quei-
xo:


Eu pedinlle o leite a vaca,
a vaca pideume a herba,
eu pedinlle a herba ó prado
e o prado pideume a rega.

A vaca non é un animal ei-
sixente pero o agricultor, ou

quizais millor a agricultora,
conoce moi ben os alimentos
que dan millor calidade de
leite que se traduce seguida-
mente nos queixos por iso hai
o queixo da nabiza, o queixo
da palla seca, o queixo da mi-
llarada, e inda se poderá dis-
tinguir a calidade dos prados,
a auga coa fariña ou co relón,
toda unha encadeada alimenta-
ción fará o queixo más ou me-
nos mantecoso dende o que re-
gaña e se desmorona co seu pe-
so, deica o que se mantém sin
corte nin arruga. Calquera fa-
rá declarar a quem non comeo
canto quixerá comer e dí: Eu
do queixo non me queixo, quei-
xome polo que deixo. Ou do
que compara a ración do quei-
xo coa do pan e dí: A min tan-
to queixo como pan, nunca mo-
dan,

Inda hai outra escolla o
leite de determinada vaca, po-
lo menos é razón que teño es-
coitado decir cando alguén ma-
tizaba o sabor dun queixo.
Tén tamén a súa adiviña: Blan-
co sin cal nin neve, roda que
non fai rodeira e ollos que
nunca ven. Sábela adiviñadei-
ra. Tamén o refrán tén os se-
us exemplos no queixo, así
digamos como exemplo: O trigo
e o centeo mercalos na eira,
e o queixo na queixeira.

Veciños da Terra de Arzúa
a vosa Festa renova o mérito
extraordinario do traballo.



C. S. D. ARZUA

C.S.D. ARZUA

*Os xogadores e directivos da C.S.D.-
Arzúa desezanlle aos seus socios e afei-
ziados en xeral, unha feliz Festa do
Queixo.*



COMO SE FAN OS QUEIXOS

A QUEIXEIRA DE CASTAÑEDA

Facer o queixo é unha cousa moi fácil pero que dá moi traballo. Hai algúns meses que sacan bós e rentábeis, e senón é mellor vender o leite, anque seña a miseria que o pagan.

Arzúa é toda zona de queixos, pero os millores son os de Castañeda, donde eu son. Son os millores porque sempre o foron, é a terra dos queixos.

Os cuidados do queixo comenzañ, claro, cos da vaca, xa sabes, hai que botala, pena... se es da aldea debes saber ben o que son as vacas. Hai que coidalas moito para que non enfermen nen baixen ao leite. Con só enfriar un pouco, os queixos poden sair malos.

"COLAR O LEITE MOI COLADO"

Logo hai que muxilas, á mañá e á noite. A seguinte operación consiste en colar o leite moi colado, por un colador moi tupido ou por un trapo. Non pode ir luxo de ningunha clase, a xente non chos compraría más.

O seguinte paso é poñer a quecer o leite un chisco. Mellor é agardar antes que perda a quentura da vaca e que se entone un pouco. Reméxese ben remexido e bótaselle a "auga dos queixos", si, eso,

o cuallo. Mídense cun culler e varía segundo a época na que esteñamos, se o leite é mao ou bó, ou se é novo ou vello. Se as vacas están paridas de novo o queixo sal ruín, pola contra, se as vacas están pendentes e ainda siguen dando leite, é todo manteiga.

"NEN MOITO CUULLO MEN APURALO"

Despois, o que hai que facer é agardar a que calle. Pode levar máis ou menos tempo, todo depende da calor que se lle dea, do leite que seña, ou do cuallo que se lle bote. Se lle botas moito ou o apurás, os queixos sacan maos, tén que estar no seu punto. Sí, cando lle boto o "líquido", claro que bendigo os queixos. Así, coa punta desta man: unha raia para un lado e outra para outro.

Cando está xa un pouco callado, córtoo. Eu só o fago unha vez, algunhas non o fan e outras fano dúas ou tres. Vai algo coa maneira dun e co estado do leite.

Ao estar ben callado, ao ver que ten trama, voulle sacando o soro cun culler do pote, pouco e pouco, sen romperlo ainda, astra deixalo case seco. Logo, collo coa man e vouno botando nun cazo que tén buratos polo fondo. Agora son de porcelana, antes eran



FOTO DO "A NOSA TERRA"
Nº 96


**LEA ...
«UILLA NOUA»**

PANADEIRIA

CAMINO



CASA



Rúa de Lugo, 38
Tlf. 50 00 83

ARZUA

de barro ou de pau.

"DALLE QUE DALLE CO PUÑO E
COA PALMA"

Ali vouno trepando, amazucando ben amazucado para que lle saia toda a auga. Así, co puño e coa palma, dalle que dalle, pouquín e pouco. Botándolle cada vez más astra rematar todo o que tés na caldeira ou na pota. Se tés moi leite hai que facelo nas veces que che faga falla.

Ao rematar dáselle a volta a amazucalo ben amazucado. De aquí depende moito a calidade dos queixos. Non se pode deixar con ningunha auga; se non os sobas ben é cando lle saen os ollos. Tamén se o leite é ruín.

A continuación hai que envellos nun pano ou nunha gasa para que non se esborrallen, sobor de todo se son moi cremosos. Eiquí é cando, realmente, empezan a dar traballo os queixos. Se están na época boa que é o mes de nadal e o de xaneiro sobor de todo, segundo como veña o ano e as cousas esteñan moi adiantadas ou non; cáseque se curan sós, secadra chégalles con lavalos, faise con auga morna, cada dous días, depende da cura. Se non están as téporas boas hai que lavalos dúas veces cada día.

Para curalos pónoos nunha queixeira: unhas táboas que se cruzan, ou outras penduradas duns aramios. Hai quen lle pón pallas por baixo, eu non o fago, péñolles unha tea.

Aos queixos débelles pegar o ar, que se ventilen e lles dea o ar, que se deloiren é fundamental. O millor sitio poñelos é o hórreo.

Cóprame un queixo, xa verás como volves por outro!
A QUEIXEIRA DA CASTAÑEDA
.....
A Nosa Terra. Número 96.



**BOA
FESTA DO
QUEIXO**

Revista
UILLA NOUA
★★★ VOCEIRO ARZUAN
Apartado de Correos. 10


— ARZUA

Drogueiría e Transportes

VILLANUEVA

Rúa Castelao, 24
Tlf. 50 01 03

ARZUA

CONFECCIONS

CELSA ALONSO

Calvo Sotelo, 21
Tlf. 50 00 63

ARZUA



TENDA DO HOME

Ramón Franco, 42
ARZUA


IRMANS

PAMPIN

CONSTRUCCIONS
EXCAVACIONS
MATERIAIS DE CONSTRUCCION

Calvo Sotelo, 32
Tlf. 50 03 53

ARZUA



.eu seilles un chisco de 'marketing'...

NOVEDADES



SEXTO

Rúa Castelao, 26
Tlf. 50 00 36

ARZUA



XAQUIN MARIN



VANTO

Cahoss.



...non se decide, logo...
Si, oh !!

SUSCRIBETE
A
UILLA NOUA,
TIO !

TALLERES

LAVADO E ENGRASE DE
TURISMOS E CAMIÓNS

SANTOS

Estrada de Santiso, s/n
Tlf. 50 04 39

ARZUA

COMENTOS DUNHA PORTADA

MAESE PEREZ

... como me pareceu a fonte un moimento significativo da Arzúa e o entorno da arboreda atraeme, deume por aí. Ises tres de Negreira saíron unha miaxa esaxerados (depende do viño que leven dentro) a cometendo a esa rapacina arzuana que leva cinco mais dous, - sete queixos (dous van tapados e protexidos por esas manciñas de neve). Son os tres quintos meus, do que me honro.

Alá atrás, verás outros dous ollapando o panorama. Ises son maís vellos (deben ser da quinta de Franco ou algo así), o da dereita mentras ollapa aproxeita, meio esparrançado, para rañar no cù. Cousa bastante natural cando a ún lle pica. Quén non rañou no cù algunha vez?

.....
.....

O outro, o da palleira - "ver páxina 15 do caderno da Bruxa dos Queixos" - que tamén pode ser de Negreira pero o mesmo é de Lalín (que tampouco son mancos) e toda a vida un tragón o mesmo tempo cun amante algo brusco, como algúns de "Mazurca para dos muertos", cada vez que cata queixo gústalle agarrar dous, de "tetilla", ir con eles para a palleira, deitarse con elles no chan en cama de palla e alí facerlle a festa.

O trato, como se ve,

é delicado e sibarita, cunha miaxa quizaves de... luxuria, diríamós?

En fin, quén non lle tén botado maxina-

ción a certas cousas, en certos momentos, e trasportarse ao absurdo mundo dos soños? O que se alcontre libre de polvo e palla que erga o dedo.




peluqueria

ADITI

Toda clase de impresos
Bodas
Autoadhesivos, etc.



CALIDAD - SERIEDAD - PRONTITUD



...O DE ARZUA

UN QUEIXO

DE NOVELA !!

CRIME EN COMPOSTELA
Premio Xerais de Novela 1984



posta por tres longas táboas verticais e dúas curtas do travesso, e descendeu por unha rampa para o primeiro soterraneo. Cría que oíra voces abaxo e de seguida confirmou as súas sospeitas. Ali estaba un home corpudo, que vestía un enrugado traxe azulmarinío, en conversa con outro home de mono azul e con casco de seguridade. Nivardo foi a modo cabo deles; e, cando estivo a poucos metros, preguntou:

—¿Don Terencio?

—Si, eu son. ¿Que se lle ofrece? —dixo o home do traxe azulmarinío.

—Quería facerlle unha consulta.

Terencio separouse do home do mono azul e acompañou a Nivardo ata un recanto.

—Vostede me dirá.

—Busco un baixo comercial, unha boa planta baixa.

—Está vostede nun bo baixo e chega a tempo de face-la mellor oferta —gracexou Terencio—. O baixo desta casa, aquí o ten, está a piques de venderse, pero ainda non se pechou o trato.

Mentres lle expoñía as características, extensión, precio, forma de pago, etcétera, Nivardo non quitaba os ollos del. Tratábbase —así o pensou— dun home afable, que escondía, baixo dunha expresión díctil e prudente, un carácter teimoso e perseverante. Un home cunha paixón polos negocios que se deixaba ver en cada unha das súas palabras, naquela especial fruición con que insistía nas vantaxes e distraía a atención de cada un dos posibles inconvenientes ou carencias da planta baixa que lle amosaba.

—Se non é moito preguntar, ¿que quere vostede poñer nel? —inqueriu Terencio, interrompendo a súa exposición.

—Unha tenda... Unha tenda de roupa de luxo, de home e de muller.

—Está claro, este é o local que vostede necesita. Ten un frente amplio, axeitado para uns grandes escaparates, que son moi importantes, e espacio interior abondo para acomodalo que seña...

Terencio explicou as combinacións posibles que permitía aquel espacio, axeitándoas ás necesidades establecidas por Nivardo. Cando rematou, Nivardo deulle as gracias e dí-

xolle que tería que pensalo, pero que era case seguro que volvería velo. Terencio entregoulle a súa tarxeta e suixerille:

—Pase pola miña oficina. Seguro que poderei botarlle unha man e axudarlle a encontrar o que busca.

—Fareino, sí, fareino.

—Non se arrepentirá.

—Por certo, se me permite vostede unha pregunta á marxe dos negocios, ¿onde pode un divertirse un pouco nesta cidade?

—Xa me parecía que era vostede forasteiro.

—De Asturias. O meu socio e eu temos unha tenda de luxo en Oviedo... e pensamos en abrir outra por aquí, porque o meu socio ten familia preto desta cidade.

—¿Onde, se non é indiscreción?

Nivardo recordou que Terencio era de Noia e apuntou na dirección contraria, cara a Lugo.

—De Arzúa —dixo.

—Terra dos bos queixos. Coñézo a moita xente nesa zona.


—O meu socio saíu de alí hai moitos anos, pero, non sei, quedalle a querencia pola terra e sempre está a falar de facer algo por aquí, de montar algo. Eu non estou certo de que sexa a mellor idea, pero nisto dos negocios, vostede ben o sabe, o que quere peixes ten que molla-lo cu. Ademais, para nós é unha oportunidade de medrar, de ir para arriba. Que-dármonos só en Oviedo ofrece tódalas garantías, pero hai uns límites de crecemento e eu coido que xa os topamos. Agora trátase de seguir para arriba. Vostede sabe que nos negocios é moi malo pararse.

—Así é, non teña dúbidas. ¿E que quere vostede para divertirse? ¿Que lle gusta máis?

Nivardo sorriu ante a cachazuda cautela daquel home.

—As mulleres, xa ora. Dixéronme que en Vigo e non sei se aquí en Santiago hai unhas portuguesas moi xeitosas. ¿É así?

—¿Portuguesas? Algunha hai, pero son mellores as gallegas. Eu podo recomendarle que se deixe caer por un clube que se chama "Paraíso Azul" a partir das doce da noite. Fale



UILLA NOUA

THEATRO

A BRUXA DOS QUEIXOS

Xelo
art



~PERSONAXES~



ALCALDE.-

D. Ramón. Home vello, gordo, rexo e cheo de cartos.

GARDA.-

Persona xoven que pensa no orde e quiere levar toda coa súa rectitude. O día ten 24 horas e nin un segundo mais. Chámase Xavier.

MOZO.-

Lacazán que anda a bulrarse de todo e mais de todos. Mantén na súa faciana un sorriso estrano que non me parecía nada bon. Chámase Antón e atoparemoslo a miúdo.



UXIA.-

Filla do taberneiro. Pola semán adeprende Química co pai, os fins de semán adeprende "letras" co fillo-lo-go. 40



CURA.-

Home moi vello, ainda mais ca D. Ramón, que só pensa en rezar. Non ve moi ben e leva anteollos. Chámase D. José.



EDUARDO.-

Non se sabe moito del. É taberneiro con afición á química, que todos lle suponen, mais ninguén o sabe de certo.




ESTUDIANTE.-

Mozo que estudia fillo-lo-xía en Santiago, quiere as cousas a súa maneira; boeno, o que veu na cidade. Fai ruco, dín que se chama.

CONCELLAIS.-

Son catro. Dous, nin venen nin van, a todo dín que sí. Un dos outros dí que sí ao cura (Xesús) e o outro dí que sí ao alcalde (Anxo). Os dous primeiros chámase, para quien queira saberlo, Lois e Manoel.



ESCRIBÁN.-

Home aboiado, non se apura por nada. Victor é o seu nome.



BRUXA DOS QUEIXOS.-

Uns dín que é mala, outros dín que é boa.

Hai quien xira que lle veu feber un dí... E, cos tempos que corren, rala vostede a saber...

Melloir é vestir unha fermosa mora como a unha vella fea.

MESTRE.-

Sábase que se chama Arturo por casualidade. Non hai mais dous.

D. RAMON X 12 =
ALCALDES DOS
DOCE CONCELLOS.-

Non se distingue o un do outro. Homes das mesmas maneiras ca D. Ramón.



QUEIXEIRAS.-

caste en decaimento. Son mulleres que fan queixos, ós que non lles falla quer lles diga industriais, polis, ao seu parecer, - "...transforman materia prima en productos de primera necesidad, comercializando los posteriormente por debajo de su coste real. Debido a que no pasan el correspondiente control sanitario y a no estar controlada su producción, compiten con ventaja con los productores autorizados...", son tamén os que dín, :- "... Esta desleal competencia es grave riesgo para la economía de nuestro país...", e craro, son tamén os que más relean na feira para sacarlos das mans e decir despoxis: - "He comprado un queixo a un precio de risa".

Unha queixeira é, e seino por que mo dixeran, unha muller caminando polo lameiro que a leva á feira, unha noite de inverno, cunha cesta de queixos na testa, cun fillo ás costas e por diante un futuro mouro.



MARUXA.-

Bah! Unha queixeira.

GARDAS.- ¿...?
Istes personaxes han de ir ben vestidos, con moita pomposidade. Como se foran gardas dun Rei e lle foran facer un presente o día da Festa.



BUFON →



CARME.-

Filla de Maruxa. Filla de queixeira.

BANDA .-

Rapaces tocando a caixa.

TUNDOS.-

•

UNHA VOZ.-

XENTE.-

UILLA NOUA

PRIMEIRO LANCE.-

ESCENA - I

Ista escena desenroláse na taberna. Aparecen falando, ó pé do mostrador, o taberneiro máis o alcalde. Xa é de noite. A taberna ten unha luz marela e moi porca. Máis tarde, aparecerá o mozo.

TABERNEIRO.-

Pois a min pareceme que xa vai sendo horas.

ALCALDE.-

! Buf ! Aínda falla moito.

TABERNEIRO.-

Pois o outro ano xa estaban traballando.

ALCALDE.-

Sobra tempo, home. Sobra tempo

TABERNEIRO.-

Pois eu ...

- O taberneiro córtase cando entra o mozo.

MOZO.-

! Boas tardes!.

ALCALDE.-

Serán noites.

MOZO.-

!Buf! Aínda falla moito.

- Repetindo con sorna.

ALCALDE.-

Xa estás ti! Sempre tes que decir.

MOZO.-

E que verá, estiven escoitando a súa conversa e como dixo vostede que faltaba moito pra festa, eu digo pois, que falla moito pra noite. !Eduardo!, bóttame un viño.

- Bótalle o viño.

TABERNEIRO.-

! logo, Antón. A ti tamén parreceche que falla pouco?

MOZO.-

!Home, xa faltou máis!

ALCALDE.-

Iste ano a xente anda tola co demo da festa. Máis pensando ben ... Hai moito que facer, e, ..., haberá que empezar.

MOZO.-

Digo eu. Haberá que empezar. que logo pasa o que pasa... .

ALCALDE.- (Alporizándose)

E qué pasa? Non hai quen vos contente!

MOZO.-

Abofé que non. E non habendo quen nos contente, non temos porque estalo.

TABERNEIRO.-

Ti nunca ves nada ben.

ALCALDE.-

Queriate ver eu de alcalde.

TABERNEIRO.-

Ja ja ja. Antón alcalde? Habiá dar xenio velo!

ALCALDE.-

Mira Antón, ti es un mozo e pensas que todo é mel.

MOZO.-

Ben sei! A min énchame a taza e falen o que queiran.

- O taberneiro colle a xarra para encher a taza e está valeira. Vaise para a adega a buscar más viño. Entretanto quedan a falar o alcalde máis Antón.

ALCALDE.-

Así qué córreche presa?

MOZO.-

Verá D. Ramón. O certo é que por outros anos xa estaban algúns has cousas feitas. E como o ano pasado o conto non foi moi ben, habería que escomenzar con tempo, para facer a festa como se debe.

ALCALDE.-

Pode que teñas razón. Pro non che hai moitos cartos, ninguén nos axuda. Pero haberá que empezar. Ves comigo chamar aos outros?

MOZO.-

Non hei de ir ...

ALCALDE.-

Pois veña, vamos.

- Dispónense a sair da taberna, ó chegar a porta da rúa, o alcalde torna ata o mostrador e berra:

ALCALDE.-

Aduardo, hei, Aduardo! Sube ben viño que vai haber pleno.

- Quédase a taberna valeira e baxa o pano.

ESCENA - II

Aparece o taberneiro limpando as mesas e xuntando unhas cantas para facer unha ben longa. Nunha cabeceira, cara o público, séntase o alcalde. O máis perto ó público será o escribán.

Polo de agora non chega ningúen. O primeiro en facelo é o estudiante que viña cuns libros e unha bolsa de Santiago.

ESTUDIANTE.-

Boas noites, D. Eduardo!

TABERNEIRO.-

Benvido, Farruco! Home, qué tal por Santiago? Ves dar unha volta, eh?

ESTUDIANTE.-

Sí, hai que vir tomar uns viños á casa.

TABERNEIRO.-

Agora te atendo home. Estou amañando esto que van facer o pleno.

ESTUDIANTE.-

Deixe que o axude.

- Poñen as mesas entre os dous. Seguen a falar.

ESTUDIANTE.-

Caray! Isto de facer o pleno na taberna non sei se será constitucional.

TABERNEIRO.-

Cómo dis?

ESTUDIANTE.-

Nada, que en Santiago os plenos fannos no Axuntamento. Cómo debe ser! E un enterase nos xornais de cáondo son máis do que falan. Pero eiquí, eiquí, vai todo ó revés.

TABERNEIRO.-

Xa home, xa. Pero Santiago... , Santiago é Santiago.

- Entra pola porta o escribán. Ven un chisco entonado.

ESCRIBAN.-

Moi boas a todos! Carallo rapaz! Xa estás eiquí? Ves ver a moza, eh? Uxía traete toliño. Eduardo, hei, Eduardo! Quén te verá na casa cun Fi-lo-lo-go?

TABERNEIRO.-

Xa ves cheo, pendón? Así ha de ir o pleno...

ESCRIBAN.-

De qué pleno me falas ti?

ESTUDIANTE.-

Pleno municipal, ou é qué ti non sabes nada?

- Chega o alcalde cos seus concellais (tres).

ALCALDE.-

Xa estou eiquí! Veña Aduardo, acaba logo. E chama a filla para que faga algo e meter un bocado.

- Petando no lombo dos dous concellais que leva as beiras - Vos, sentádevos.

ESCRIBAN.-

Pero sei qué hai pleno?

ALCALDE.-

Home, estás ahí! Fun chamar a D. Arturo para que estivera por ti. Onde raios te metes?

ESCRIBAN.-

Por ahí ...

- Chegan có mozo ó mestre (D. Arturo), o cura, o garda e outro concellal.

MOZO.-

Xa chegamos!

TODOS.-

Boas noites!

CURA.-

Boas noites nos dé Deus! E que EL sexa quen guíe as nosas concencias.

ALCALDE.-

Veña, D. José, deixese de con-

cencias. Eiquí vimos para traballar e non a facer arrepentimentos.

CURA.-

Para traballar fai falla a luz de Deus. Qué faríamos si se fuera a luz?

ALCALDE.-

Pois non o sei. Pero tampouco é para tanto.

TABERNEIRO.-

Nada, iso non é nada. Vou chamar a Uxía para que baixe uns candiles. Non vaia ser o demo!

ALCALDE.-

Sí, que veña e ase uns chourizos. Ti trae queixo e viño que mos empezar.

- Movendo os brazos e chamadoos a todos -

ALCALDE.-

Veña, sentádevos xa, sentádevos xa.

* Cae o pano.

ESCENA - III

Aparecen todos sentados, tamén o estudiante. Uxía máis o pai atenden a mesa. A voz cantante ha de levala o alcalde. O mozo está só noutra mesa mirando o cadro.

ALCALDE.-

Pois ben. O pleno de hoxe é para organizar a "Festa do Queixo" e penso que eiquí estamos xente dabondo como para facer todo.

ESTUDIANTE.-

Eu coido que iste non é o inter máis axeitado para facer unha conversa encol da... (Poñéndose en plan galeguista).

ALCALDE.-

Ti cala, eiquí mando eu. Xa estou cheo de que veñas coas modas da cidade. Eiquí as cousas fannas os homes e a súa maneira. Ademais, ti non es quen para falar. Non tes voto.

CURA.-

Veña, veña, - facendo a sinal da cruz coa man - que haxa paz. Que Deus está tanto nun sitio coma no outro.

XESUS.-

Si señor, ben falado D. José; o sitio é o de menos.

- Os tres concellais que lle dan a espalda ó público comen sempre coma lambóns. E case nunca falan.

ALCALDE.-

Pois veña. Isto é cousa do A-xuntamento e si estades eiquí é porque quero eu que son democrá-ti-co e dóstame saber o que

pensan os demás. A ver, quén fai unha proposta?

XESUS.-

A miñ pareceme que habería que falar cos comerciantes.

CURA.-

Eses, só queren o que diga D. Ramón. Ademais eiquí está Eduardo que nos pode botar unha man. Eduardo, qué dis ti?

TABERNEIRO.-

O que fai falla é que veña a xuventude. Os vellos veñen mercar os queixos e despois vanse. E si a xuventude quere baile, hai que facer baile. Ten que falar a mocidade.

UXIA.-

→ Sí, hai que traer "rock".

ALCALDE.-

Ró!? Seica toleache rapaza? Ises pelás non os aturo.

ESTUDIANTE.-

Non se trata deso don Ramón. Uxía fala ben, o rock move a mocidade.

CURA.-

Esta é unha festa cristián.

GARDA.-

Boeno, por eso non ha pasar nada. O malo ía ser gardar o orde.

UXIA.-

→ O orde!? Se non vai pasar ren.

ALCALDE.- (Poñéndose duro)

Boeno. Xa miraremos eso. Imos votar, pero só os concellais. Victor, apunta: Quén quere ró?

XESUS.- (Erguendo a man)

Eu sí.

OS OUTROS TRES CONCELLAIS.-

Nós, o que diga o señor alcalde.

ALCALDE.-

Victor, copia. Non hai ró.

XESUS.-

E por qué non se organiza falando cos demás alcaldes da bisbarra?

TODOS.- (Menos os tres concellais de antes)

Non é mala idea!

ALCALDE.- (Falando pouxiño)

Non. Non é mala idea.

OS TRES CONCELLAIS.- (A berro se co)

Pois non, non é mala idea!

ALCALDE.-

Sendo así, haberá que chama-los axiña. Heime de xuntar con eles. Xa está -Dí dun súpito ledo por atopar unha idea feliz-imos facer unha queimada.

CURA.-

Unha queimada!!!!???

ALCALDE.-

Sí, sí, unha queimada. Este ano fago a Festa eu só, vou celebrar a miña idea. Voñ podedes irvos. Ti, Victor, escrebelles os alcaldes da bisbarra que xa teñ todo amañado.

ESCRIBAN.-

A todos?

ALCALDE.-

Sí, home, sí. A todos. Non teñas medo que non has morrer traballando. Ao de Boimorto, ó de Curtis, ó de Teixeiro, Vilasantar, O Pino, Touro, Santiso, Melide, Toques, Frades e Mexía.

ESCRIBAN.-

Doce, nin que fora o Mercado Común.

ALCALDE.-

Veña, cala, esto é unha cousa seria.

- As outras personaxes dispóñense a sair menos os eternos tres concellais, o estudiante e o mozo. E claro nin o taberneiro nin a súa filla. O estudiante está de palique con Uxía.

ALCALDE.-

Cítalos a todos para o vindeiro xoves as nove da noite no Pazo do Concello.

ESCRIBAN.- (Perguntándolle a todos)

→ E xoves ... qué é con "v" ou con "b"?

- Todos, e tamén os que estaban saíndo ollan para él con cara de iñorancia. Hai un pequeno mutis, ó cabo é o alcalde quen dí romando:

ALCALDE.-

Ou mellor aínda, como a cousa corre presa, chámalo para ó mercores.

- Os primeiros xa se foron, quedan falando o alcalde máis o escribán para irse despois levando detrás os tres concellais. Dos de fora só queda o mozo que estivera aillado da conversa e beben do mentras os outros falaban.

ALCALDE.-

Deica mañá! Xa virei pagar, Aduardo.

TABERNEIRO.-

Boas noites!

- Cae o pano.

ESCENA - IV

- O taberneiro está barrendo a basoira. O mozo (Antón) está aínda só na mesa, cos ollos un pouco chispeiros. O estudiante segue de palique con Uxía.

UILLA NOUA

ESTUDIANTE.- (Collendo a bolsa e os libros)

Adeus, Uxía. Voume deitar, áinda non fui pola casa e han pensar que non víñ. Mañá xa te verei.

UXIA.-

Vésme buscar?

ESTUDIANTE.-

Sí. As sete.

UXIA.- (Subindo pola escaleira que vai o segundo andar da taberna)

Boa noite, Farruco!

ESTUDIANTE.- (Indose)
Boas noites, Uxía!

- Chegándose a porta de saída a rúa despídese o estudiante.

ESTUDIANTE.-

Deica mañá, don Eduardo!

TABERNEIRO.-

Adeus, Farruco!

- O taberneiro segue, nun tempo de pausa, barrendo e achégase á mesa do mozo. Son os dous que restan na escena.

TABERNEIRO.-

Veña Antón. É tarde, hai que pechar. Veña, que hoxe pillache boa tallada a conta do pleno!

MOZO.-

Eu non lles debo nada!

TABERNEIRO.-

E logo o queixo, o viño e os chourizos?

MOZO.-

Eu só bebín. Non comín ren. Non son ningún lambón.

TABERNEIRO.-

Non comerías nada. Pero o viño, cargácheslle. Ou bebiches auga?

MOZO.-

Auga, non. Que meu pai decía que todos cántos beban auga están condenados a morte.

TABERNEIRO.-

Pois é! tamén morreu.

MOZO.-

Sí, morreu. O mellor... levántase e da un traspés. Cólleo o taberneiro e levao apoiado deixa a porta da rúa*

TABERNEIRO.-

O mellor, qué? - Xa están na porta -

MOZO.-

O mellor, bebeu auga. Vaia vostede a saber. - Sal para fora

- Quédase só a barrer o taberneiro. Párase a cavilar, apoiado na escobela.

TABERNEIRO.-

Probe rapaz! E igual o pai. Vai aboiado pola vida. Nin qui-

ta, nin pon. Nin fai, nin desfai. Nunca verá cousa ben feita para os seus ollos... O pai xa morreu e tamén, nunca estaba da cordo con nada. Ningún sábe nunca o que pensan. Son tan callados. Nunca deron o seu parecer. Sempre igoal. Eso está mal e aquello tamén. E más nada. Nunca dín nada máis. Probe xenete! Probe xente!....

- Segue o taberneiro a barrer e cae o pano.

ESCENA - V

- O escenario semella unha praza, no fondo vese unha irexa moi fea. Tal como a da Vila de Arzúa. Nunha farola está Antón apoiado e fumando un pito. Canta e cavila en voz outa.

MOZO.-

Polo río Vello arriba vai subindo unha grúa.
Polo río Vello arriba vai subindo unha grúa.
Cangadiña de borrachos,
cangadiña de borrachos
e todos eran de Arzúa.
Ailalelo, ailalelo
ailalelo, ailalá. *

*(Cantiga popular)

- Alónxase un pouco da farola e pónse a camiñar paseniñamente sen rumbo fixo. Máis que falar, cantarexa.

O alcalde vai facer unha queimada.

Xa ten a festa cavilada.
Falou co señor cura,
falou coa súa xente,
falou co taberneiro,
falou co mundo enteiro,
pero, non teñen medo!...
non fala coas dos queixos...!

- Segue Antón cantarelando tonadas inventadas alonxándose no escenario, pouco a pouco vaise perdendo de vista. Pouco a pouco vai caendo o pano.

ESCENA - VI

- Están nunha sá do Axuntamento, sentados, os doce alcaldes das outras Vilas. O alcalde de Arzúa, D. Ramón, está de pé. As caras dos alcaldes témolas de frente, e na mesa que teñen diante pónse diante de cada ún o nome do Concello ó que pertenrece, nun letreiro que se ha de ler ben. A sá, ten unha porta ben traballada, protexida por dous gardas, ó pé e a carón de cada xamba. Nun curruncho está o escribán coma quen vai copiar o que alí vai acontecer, noutro curruncho a bandeira galega.

ALCALDE.-

Fixennos chamar como mostra

de amistade e para que todos podan axudar coa súa presencia a facer desta festa, unha festa que nos beneficie a todos, unha cousa meirande. Unha Festa meirande tal, e como a nosa bisbarra se merece. Este ano vánse poñer representacións de tódolos Conceellos. Cada ún expoñerá o que queira e haberá premios para quen mellor o faga. ERGUETE, TERRA DO QUEIXO!!!

- Fai unha parada, xadea un pouco. Está canso por falar axiña.

TODOS.- (Aplauden e berran)
BEN! BEN! MOI BEN!

- Don Ramón ergue as mans e mandaos calar.

ALCALDE.-

Teño cavilado facer unha queimada. Unha queimada meirande. Unha queimada como nunca viron ollos humáns. Nun gran pucheiro hánse poñer dez olas de augardete, ou senón, unha ola por Conceelxo. De xeito que a podan ver todos e que todos podan beber. Que chegue para todos. Qué ningún morra eixí de sede!!

ALCALDE DE SOBRADO.-

E non será moita queimada?

ALCALDE DE BOIMORTO.-
Vaia tallada!

ALCALDE DE TOQUES.-

Asús!

TODOS.-
Asús!!!

ALCALDE.-

Non haxa medo. Non temos que bebela nós. Probala sí, pero hai que deixala para os forasteiros. Un día é un día!!!

ALCALDE DE MEXIA.-

Falando así, está claro.

ALCALDE DE MELIDE.-

Daquela, compre meditalo.

ALCALDE.-

Non hai ren que cavilar. Có gasto corremos nós. Só quero que veñades vos para darlle a Festa un aquel máis xeral. A Festa é para todos.

ALCALDE DE SANTISO.-

Eu estou dacordo.

ALCALDE DE O PINO.-

I eu tamén.

ALCALDE.-

Entón heivos contar o que teño cavilado. Cada un de nos virá cunha pota ou cazola pequena, xa ardendo, e todos xuntos valeiramos as nosas potas nun cazolo grande que mandei facer para que o augardente prenda. É unha cousa nova.

ALCALDE DE VILASANTAR.-

Sí señor. Eu estou dacordo con don Ramón.

ALCALDE DE TOURO.-

E non era mellor fácelo a vís-pora? Tantas olas tardarán en queimarse.

ALCALDE DE FRADES.-

E certo. Vai botar o día ardendo.

ALCALDE.-

Non é preciso queimala ben. Convén que a xente se poña leda.

ALCALDE DE TEIXEIRO.-

Leda pónse, oh! Pónse leda de todo. Semellante enhenta!!!

ALCALDE DE CURTIS.-

Eu estou disposto a vir. A min non me mete medo.

ALCALDE.-

Eh? Qué decides?

TODOS.-

Home claro, qué vimos!!!

ALCALDE.-

Pois sendo así, conto acabado. O resto heino arranxar eu, des-coidade.

- Quedánse falando todos de pé. Uns cos outros e vai caendo o pano amodioño.

ESCENA - VII

- Atopánse tódalas personaxes da escena anterior, áinda erguidos e falando uns cos outros, coma se se despedíran. Máis agora hánse de notar risas ceibes, estarán contando lerias que lles acaeceron na súa mocidade. Ten que notarse que o viño pasou por elles, algúm afloxo a garabata e sacou a chupa. As farías alumean. Pouco a pouco débese conquerir que unha brétema encha o escenario.

Pola porta que custodiaban os gardas vai aparecer a Bruxa dos Queixos, facéndose un forte

bruído cando aconteza.

Entra na sá a Bruxa dos Queixos.

TODOS.-

Hei! Qué pasou? Qué é? -vaise a luz- Non vexo nada! Teño medo!

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Non teñades medo, son eu, a Bruxa dos Queixos que veño facer xusticia. Non teñades medo, son eu, a Bruxa dos Queixos e non veño levar ánimas.

ALCALDE.-

Quén eres ti, espantallo? Qué queres?

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Xa o dixen. Son a Bruxa dos Queixos, veño a facer xusticia.

TODOS.-

É unha bruxa. Ah! É unha bruxa! Eu voume. Eu voume. Quero fuxir.

ALCALDE.-

Quedos todos. Non me deixedes só. Hei de falar con ela. Qué queres, Bruxa dos Queixos?

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Véñovos decir o que tedes que facer para arranxar as inxusticias que vós, os homes, cometedes coas queixeiras. Veño traer ordes para vos, tolos, que non sabedes qué facedes. Veño a prantar xusticia na horta do mal.

ALCALDE.-

Eu son o alcalde de Arzúa. Esto no meu Axuntamento. Eu fago e desfago. Propoño e dispoño. Ti eres cousa do demo e bótote fora.

- Don Ramón colle unha e zorregalle a brétema querendo facelo a Bruxa dos Queixos- Arrenegote de mo. Vaite, vaite.! Vaite pró inferno, Bruxa dos Queixos.

- A bruxa ergue unha man e sinala cara ós alcaldes. Estes quedan tesos como pedras. Somentes o alcalde de Arzúa aguenta un pouco.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Abonda xa. Atendédeme, poñédevos tesos e ollade pará min. A cougade, accougade... -ví namen-tras sube e baixa a man mornamen-te-

- Don Ramón revólvese e volta a tentar zouparlle sen conquerilo, pero faino xa sen forzas. A bruxa tenno amolado.

ALCALDE.-

A min non me embruxas. A min non me aboias.

- O fin acouga tesos coma os ou-tros. A bruxa segue a subir e baixar a man.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Atendédeme ben. Como tiñades pensado facer, prépararedes unha queimada. Cada un de vós botará na cazola meirande unha ola de augardente e unha saca que eu vos darei xunto cun escrito, que léeredes tamén.

Todos xuntos despois, remexeredes cada ún no outro pucheiro a vosa queimada que faredes a vo sa maneira. E despois, erguendo cada ún cadansez pucheiro, poñédesvos ó redor do meirande e todos xuntos valeirades as queima-das, para que a queimada que ha de matar o meigallo se encenda. E vos xuraredes en voz outa o que leva escreto este pergamo.

- A bruxa dalle o pergamo ó alcalde de Arzúa.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

E despois, despois de que xu-redes, rematarei có meigallo. Máis eso é cousa miña, de bruxas que non de homes.

- Neste intre, a Bruxa dos Queixos vaise e os alcaldes vanse despertando. Míranse uns prós outros e todos tápanse as caras en sino de vergoña. Máis que sair do escenario, fuxen, fuxen be rrando cousas, como: "Eu peca dor..." E vánse. O pano cae con forte bruído.

SEGUNDO LANCE.-

ESCENA - I

- No escenario vese unha cazola xigante na que collen dentro douscientos litros, e a carón de la dous gardas imperiais. Outros irán chamando aos alcaldes dos concellos que virán acompañados de dúas nenas vestidas cos traxes rexionais. Cada unha levará un par de queixos do Concello ao que pertenece e pousarán nunha cesta. Os alcaldes virán có pucheiro nunha man, xa encendido, e coa ola de augardente na outra. Poñen o pucheiro no chan e valeiran o augardente na cazola. Despois pónense á beira da súa queimada onde deberá lerse o nome do Concello ao que pertenece.

Compre qué o escenario se atópe na semioscuridade. Tamén está

rá a banda de caixas que redobra rán cando apareza cada alcalde.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

O alcalde de Boimorto entra coas nenas e pousan os queixos na cesta. Estas collenlle o pucheiro da queimada e pousánlo no chan. O alcalde valeira o augardente na cazola e saca un pergameno para ler.

ALCALDE DE BOIMORTO.-

En nome do Concello de Boimorto veño traer un pouco de augardente e máis o lume da nosa queimada para queimar as toleadas feitas ata hoxe. Nesta saca levo os "ESPRITOS DO MAL" que eiquí deixo e que despois arderán.

GARDAS.-

Concello de Curtis.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- A representación de Curtis fai o mesmo que a de Boimorto.

ALCALDE DE CURTIS.-

O Concello de Curtis quere fa-
cer hoxe un homaxe ás queixeiras da nosa terra. Delas é este au-gardente, os queixos máis a quei-mada que traio. Nosos son os "NE-GROS MEIGALLOS" que levo nesta saca. Eiquí os afogo.

GARDAS.-

Concello de Sobrado.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

UILLA NOUA

- A representación fai o das anteriores.

ALCALDE DE SOBRADO.-

Os de Sobrado dos Monxes queremos pedir eiquí a vosa participación nesta meirande queimada. Nós poñemos todo canto temos a nosa man para ó voso divertimento. Tan só resta o ben posto que o "MAL" levóo nesta saca. E agora vouno afogar.

GARDAS.-

Concello de Teixeiro.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Representación de costume.

ALCALDE DE TEIXEIRO.-

Eu, máis estas dúas mozas da nosa Vila de Teixeiro, vimos eiquí para afogar e queimar o que levo nesta saca que é o "FALSO XURAMENTO". Deste xeito quedamos ceibes dos males da nosa alma. E queremos que todo canto traemos sexa do voso agrado.

GARDAS.-

Concello de Vilasantar.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Representación acostumada.

ALCALDE DE VILASANTAR.-

Quixera que canto traio faga o voso contento. Os de Vilasantar quedamos ledos con afogar o que eu traio nesta saca que é o "EMBRUXAMENTO".

GARDAS.-

Concello de O Pino.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Faise a representación.

ALCALDE DE O PINO.-

O Concello de O Pino pide nesa hora ledicia e fartura para tódolos presentes. Cos "MALOS FEITOS" imos rematar axiña porque levóos nesta saca e ao augardente os tiro para afogalos e logo prenderelles lume.

GARDAS.-

Concello de Touro.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Faise a representación.

ALCALDE DE TOURO.-

En nome do Concello de Touro veño, ademais de traer os queixos, para queimar os "RETORTOS PENSAMENTOS". Levóos nesta saca e bótoos no fondo do augardente quedando así ceibes do mal que a cougaba en nós.

GARDAS.-

Concello de Santiso.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Faise a representación.

ALCALDE DE SANTISO.-

Pro Concello de Santiso a meirande ledicia é poder ver as vosas facianas cheas de ledicia. E para que a nosa terra volte a ser fermosa, eiquí boto o que levo nesta saca e que tanto mal nos fai. Eiquí afogo as "MALAS COMPAÑIAS".

GARDAS.-

Concello de Melide.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Faise a representación.

ALCALDE DE MELIDE.-

Veño eiquí en representación do Concello de Melide e eiquí vos traio un pouco das nosas farturas. Pero as "PORCAS MALICIAS" lévoas todas nesta saca, queremos afogálas e así o fago. Que despois ardan de caraxe.

GARDAS.-

Concello de Toques.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Faise a representación.

ALCALDE DE TOQUES.-

É desexo das xentes do Concello de Toques dar como agradecemento a esta data os mellores queixos da nosa Vila. Mais afogar o "AIRE DO MAL" non só é desexo, tamén é necesidade. Céibos desta saca para botalos no augardente.

GARDAS.-

Concello de Mexía.

BANDA DE CAIXAS.-

* Redobre.

- Faise a representación.

ALCALDE DE MEXIA.-

Véñovos traer desexos bós é xenerosos para tódolos presentes. Mais compe que primeiro limpe as ánimas dos meus afogando no augardente a "PUNZONENTA RUINADE", que eiquí teño nesta saca. Así o fago en nome do Concello de Mexía.

GARDAS.-

E para remate a derradeira representación dos Concellos da Terra do Queixo. Fai presencia o Concello de Arzúa.

BANDA DE CAIXAS.-

** Redobre un pouco máis forte e máis longo.

- Faise a representación.

ALCALDE DE ARZUA.- (D. Ramón)

Todos cantos eiquí estamos, viñemos para traer unhas mostras de bondade que deseguro, tódolos convidados agradecerán. Mais cánto poidamos dar non son más que cativeces. Eso sí, cativeces fermosas e que damos con moita ledi-

cia.

Mais o que nos queremos, e non falo só en nome do meu Concello senón nos de toda a Terra do Queixo, é queimar os "CHEIRENTOS ENGADOS DO MAL". Un mal que ata hoxe sementamos a cotío.

Pero o tempo do mal ficou porque imos afogalo no fondo do augardente que unha vez queimado deixará a nosa terra ceibe de embruxamentos. Non máis "FALSOS SEGREDOS", non máis "CHEIRENTOS ENGADOS". Hoxe pedimos xuntos chea pro mundo enteiro. Qué así sexa!!!

TODOS.-

QUE ASÍ SEXA!!!

- Rematada a representación do Concello de Arzúa, postos todos no seu sitio, a banda de caixas toca moi fortes redobres e debe escomenzar unha brétema que hencha o escenario.

Os alcaldes recollen a súa queimada e póñense arredor do puchero xigante para facer o xuramento que lles dera a Bruxa no pergameo; despois de prenderelle lume o puchero.

TODOS.-

Queixeras do mundo enteiro queremos pedir perdón e queremos que primeiro fale o noso corazón.

Malpagas fóstedes sempre malpagas fóstedes onte. Dádenos hoxe a vosa fame que outra cousa non nos compre.

Todos xurar queremos de non facer desprecios e nas vosas máns poñemos facer os vosos desexos.

Que o lume desta queimada queime os nosos feitos. Que o lume desta queimada, bendiga os vosos queixos.

- Os alcaldes empezan a remexer no puchero mentras ás mozas que os acompañan (que deben ser dun ballet rexional) póñense a bailar todas xuntas, rematando cunha roda darredor do puchero e a nicándose todas ó final pousando a testa no chan. O baile debe durar dous minutos, non máis.

O pano cae amodo.

ESCENA - II

- No escenario só queda o puchero e os alcaldes remexendo na queimada. Unha forte brétema enche o escenario, entra ao pouco a Bruxa dos Queixos ollando cara os lados.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Deixádemse ver homes, deixádemse cheirar -collendo un pouco de augardente e cheirádoo-. Non, aínda non. Aínda quedan malos espíritos por queimarse. Remexede, homes, remexede. Que os males dos homes están ardendo. Remexede ata que non quede ren, xa virei eu decírvos cando podedes beber.

Teño que conxurala para que esta bruxa coa súa escobela limpe as ánimas de tódolos homes. Bichos do mal.

Só sodes homes. Homes que nada valedes e que nada merecedes. Homes que conmigo non podedes. Eu quero as vosas vidas para sempre. Pero non as quero nin no ceo nin no inferno. Quéroas ei-CEO nin no inferno. Quéroas ei-qui, na terra, vivos que non podres nela. Quero as vosas vidas- (Corpos) - para con elas-es ter os queixos que mantéñen a miña sorte de bruxa, de Bruxa dos Queixos, que non atopa a chea, nin no ceo nin no inferno. E sen do así, ahí vos deixo, remexendo o mal que pode ferir os meus queixos, porque son meus, m-e-u-s, M-E-U-S,...

Eu fágoos apodrecer cando me peta, cando me chegan para que vos non os comades. Eu fágoos ir as feiras para que os maltrateades. Eu doullés sabor, eu doullés cór.

Remexede, remexede, homes que outra cousa non sabedes.

E a vós -dirixindose ao público-, vós que tamén estades pendentes da miña man. Deixovos con cousas do voso contento. Ollade ben o lume, ollade ben i escoita de, escoitade como berran os espíritos..., berran de dórr. Voume, voume preparar o meu conxuro.

Remexede ben, homes, remexede. Ja, ja, ja...

- A bruxa vaise sen mais. A brétema amaina ata desaparecer. Polo mesmo sitio que saíu a bruxa, entra o bufón.

BUFON.-

Quén son eu? Cánto me dades polo segredo? Falade conmigo, falaide. Eu non son a Bruxa dos Queixos. A min non me teredes me do?

Eu son bufón. Bufón de calquer reino. Non teño país, non teño nai, non teño pai, non teño casa nin terras que labrar.

A Bruxa dos Queixos non me pode facer mal. Eu, non nacín... Cómo hei morrer?

Quén son eu?... Cánto me dades polo segredo?

Todo canto vexades, todo canto teñades, son cousas do meu reino. No meu reino hai bruxas, hai demos, hai mozas feitugueras, hai homes, hai porcos, hai verán e hai inverno. Quéredes saber si é ceo ou é inferno?... Cánto me dades polo segredo? Ja, ja, ja, ...

- O bufón vaise brincando polo escenario, ríndose a cachón. O pan baixa de súpito, pero ata a metade. Entón o bufón volta e o o pan érguese de novo.

BUFON.-

Pola mañá como queixo ás doce queixo con pan para a merenda un queixiño (*) e outro á noite, se mo dan.

(*)-Do Pregón da "III-Festa do Queixo" de D. Antón Fraguas Fra-guas. ARZUA, 1977.

Eu son bufón, bufón real, bufón dun mundo moi principal. Eu son imaxe. Eu son todo, eu non son nada. Son alleo os vosos feitos, vivo cheo de contento no meu mundo feitugueiro. Heivos, . . . , de contar un conto cando vaia ao voso enterro. Eu, son bufón. Quén son eu?... Cánto me das polo segredo?

- Ao sair o bufón, entran tunos lendo versos que fagan homaxe os queixos (de raíz popular). Pódense sacar unha chea deles do Pregón de A. Fraguas tanto do da II Festa do Queixo como da IX.

Os tunos limitaranse a recitar os versos mencionados podendo o que eles queiran con eles. Dándo a de cal e a de area. E poden tamén trocar as letras dalgúnhas cancións por todos coñecidas. Tal como:

... antes por unha peseta dár (banche un queixiño medeo regu-lar)

Agora por cen dánche un cacho da (queles que antes tirabas o chán.)

Eu che darei, che darei miña (xoia.)

Che darei unha cousa, unha cousa (que sabe moi ben...)

Nin que decir ten que as cancións que canten os tunos deben ser galegas.

Para remate da actuación un tuno dirá:

TUNO.-

Antes de irmos quixerá cantar lle a miña madriña, á miña moza benquerida. Ao meu doce amor, á Lela da miña dórr. Quixerá decirlle que teño tristura do seu amor, morriña do seu querer. Lela, bico o teu pé.

Están as nubes chorando por un amor que morreu están as rúas molladas de tanto como choveu.

Lela, Lela
Leliña por quen eu morro
quiero mirarme
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes
e ten compasión de min.
Sen ti non podo,
sen ti non podo vivir.

Dame alento coas túas palabras
dame celme do teu corazón
dame lume coas túas miradas
dame a vida co teu doce amor.

Lela, Lela
Leliña por quen eu morro
quiero mirarme
nas meniñas dos teus ollos.

Non me deixes
e ten compasión de min.
Sen ti non podo,
sen ti non podo vivir.

- Os tunos agora fan roldas maxi-narias e vánse cantando calquer verso alegórico dos que antes falaba. Na escena áinda seguen os alcaldes a remexer no pucheiro. Como con perguiza, cae o pan.

ESCENA - III

- No escenario tápase cunha lona o pucheiro para que éste non se vexa. O decorado ten que semellar unha cociña onde unha queixeira fai os queixos, mentras arolea coa filla que está lendo libros da escola.

MARUXA.-

Carme adeprende de min que os pobres na escola non teñen porvir. Dálle xeito e colle xenio que para facer queixos fai falla sentimento.

CARME.-

Miña nai, dígame por qué os traballos dos labregos son tristuras medoñentas.

MARUXA.-

Escoitame nena. Disque na feira todo se vende, cada cousa no seu precio. I eu ben sei que non é certo, más non sei qué demo a couga en nós, que os nosos bens levaos o vento. Miña nena aprende de min que os probes na escola non teñen porvir.

CARME.-

Nai. Qué ventos son eses? Os que asubían no agro?

MARUXA.-

Non Carmiña. Os que asubían no lombo.

CARME.-

Cómo é eso?

MARUXA.-

Aínda eres unha nene, más que eu recorde, non sei cando deixou de zoar o vento. É o vento de sempre, coa forza de sempre ou áinda más; chégase a nós e lévanos todo. Sónche os ventos da Vila, os ventos da Cidade ou os ventos de Madrí. Deixarán de zoar cando non quede ren!!

CARME.-

Más de onde veñen os ventos é onde lle mercan os queixos.

MARUXA.-

Mercan, nena, mercan.

CARME.-

E logo... Por qué os fai?

MARUXA.-

E logo... Por qué tes fame? Non ves miña xoia, que todo canto pode darche son eu más o que queda da facenda. Non podo deixarxe un herdo, para nós non hai más.

CARME.-

Non. Eu cando sexa coma vostede hei ser unha mestra tan lista como a que temos na escola. Nai, qué lista é esa muller! Sábeo to-do!

MARUXA.-

Saberá, muller, saberá. Máis dille que conte como has de facer ti para poder estudiar. Alguén ten que traballar, i eu xa vou vella. E a nosa veilez non é como as outras, non. A nosa chega antes.

UILLA NOUA

CARME.-

Vostede ainda é unha moza. An de deixe que a axude.

MARUXA.-

Sí. Imos facer un queixo que xa tes tempo para facelos. Vouche decir o que tes que facer. Vas á corte muxir a vaca, mides sete litros de leite e bótalles un chisco de sal e unha cullerada de menciña. Deixala medea hora ata que calle. Despois metelo neste cazo furado ata que se vaya o soro, deixalo unha hora máis ou menos, valo estruxando coas mans, dálle con forza Carme traballa nelo con forza, pensa nos ventos.

Logo valeiras todo nun prato, áinda ha botar soro e apartalo con tino, segue a traballalo, dálle a feitura e envolveo nun paño limpo e fecha a fiestra. Que non lle dé o ar que senón abre e non hai quen o coma despóis.

A ver que fás que eu teño que ir a horta cortar unhas berzas pros porcos, logo volto para ver como anda eso.

- Maruxa disponse para sair da cociña e a nena vaise á corte buscar o leite. Queda Maruxa a falar consigo mesma.

MARUXA.-

Ai, Señor! Qué mágoa tan grande! Unha filla como teño, un tesouro que me déches, para qué? Non podo facer o seu contento, como se vai rir na miserea, como poderei vela ledá? Señor, que a cougue o vento! Ti podes fechar a cancela, non deixes que nos teñan xunguidas coma bois.

Miña nai foi queixeira e tamén miña aboa, tamén eu queixeira son. Será Carme tamén, Señor? Pídos que non Señor, canto menos que o vento acougue un pouco Zoa tan forte que os novos e os vellos non termamos en pé.

- Sae Maruxa da escea polo mesmo sitio que a filla. O escenario queda valeiro un pouco, pois pronto virá Carme có leite e escomenzará a facer o queixo seguindo os consellos de súa nai. Cando leve un anaco traballando neso, empeza a caer o pano moi amodioño.

Nin que decir tén que esta escena habería que estudiala moito máis, pero como a miña boa sorte quixo que eu non fose fillo de queixeira, non sei moi ben como se fan os queixos.

Así que a quén non lle goste ou non esté dacordo co meu plantexamento pode rexetaloo. Engadindo ou sacando o que queira.

- *- o O o -*-

*** ENGADIR.-

Cando Maruxa vai sair da cociña unha voz xurde da nada e fala ralle. Ela ficará queda un intre mentras escoita.

VOZ.-

Sen contamiñación, lonxe dos brúidos, ..., lonxe das cidades.

queixeira, qué ben vives!!!.

MARUXA.- (Falando con tristura) Qué ben morro!!!

ESCENA - IV

- Tampouco se ve o pucheiro nesta escena. Vénse queixeiras levando cestas de queixos na testa, camiño da feira. Pasan moitas e as súas sombras proyectánsese no branco telón de fondo. A derradeira en pasar é Maruxa quen se deterá no medeo do escenario e fará o seu papel cando quede sóa.

MARUXA.-

Imos camiño da feira. Hoxe vendemos aquí, mañá vendemos alá. Hoxe morremos aquí, mañá morremos alá. Tódolos días morremos un pouco. Traballamos para camiñar. Todas nós somos as queixeiras do lugar. Na testa non temos mal pensar, non podemos cavilar. Témola para llevar os queixos daco para acolá. Somos as probes do lugar.

Nós damos a manteiga, nós damos o traballo, levámolos a feira e hastra lles damos a proba. Nós somos xenerosas, nós somos xente boa.

Coas mans segamos prados, coas man muximos tetos, coas mans facemos todo, coas mans facemos queixos.

As nosas cestas veñen xentes de moito poder. Veñen cregos, veñen reises, veñen mestres, ciruianos i eu qué sei. Tamén veñen mozos novos e galanes con diñeiro. Veñen xentes das cidades, veñen xentes do extranxeiro. Con quen quiere, releamos. Con quen non, o que pidamos.

Somos as queixeiras do lugar. Somos feireantas, non andamos ó xornal.

- Agora dirixirase a calquer home que forme parte do público.

Eu voulle vender os queixos. Cánto me quere dar? Ande señor, mérgueme un par!

Sain cedo da casa. Estou chea de camiñar.

Estas mans que fan os queixos ..., porque son escravas mans?

Heille decir meu santo, anque vostede non o crea. Esatas mans dan a fartura e recollen a probeza.

- Vaise a queixeira e volve a entrar no escenario o baile das pazas. Bailarán outro pouco. Sentarnse facendo corro e no medeo delas pónse un gaiteiro. Cando este remate co seu son caerá o pano.

ESCENA - V

- No escenario veránse ós alcaldes remexendo na queimada. O pouco entra a Bruxa dos queixos. O augardente xa estará queimado.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Abonda xa, homes. Abonda xa. Deixádeme a miñ que son eu quen debe catar. - Cheira a proba e dí: - Nada queda xa. Xa non hai espíritos. Só quedan os do fume que non podo queimar. Pero eu, a Bruxa dos queixos, vounos conxurar para que ningún me poida, por un ano, molestar. Pero antes vós, fillos do mal - dirixese aos alcaldes - tamén hai que decir que entretanto o bufón está agachado ollando o que fai a bruxa - espirrade o fume da vosa queimada; espirradeo para adormiñar nun longo sono de doce vagar.

- Os alcaldes botan os fuciños por riba do pucheiro, espirran o fume e con xestos de dór caen o chan poseídos do mal do fume.

,E deixádeme a min no intre de libertar.

- A bruxa fai uns xestos estranos e remexe no pucheiro, bótalle cousas miudas (laranxa, limón, froitos en xeral). Cando olla para os alcaldes e rise deles.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Ja, ja, ja, ... Logo cheirare des a podre, sen dúbida daredes un bó esterco. Esterco de alcalde, non hai mellor. Levades no peito o mal do fume, e agora só teño que conxurar. Pensábades que as probes queixeiras eran vosas, pois non, son miñas. Eu a bruxa, trocareime en raiña. A miña escobela trocarase en báculo e os meus pés estarán elas, as queixeiras, as servas da raiña. Ja, ja, ja, ...

- Mentras se rí a bruxa non se decata da chegada do bufón quen se achega a ela paseniñamente.

BUFON.-

Agarda bruxa. Non queres unha coroa para a túa testa? Toda raiña, ten coroa.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Ouh! Ti?

BUFON.-

Sí. Eu. Sentín o teu cheiro dende o pazo do Rei.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Por qué mintes? Estiveches a vexando.

BUFON.-

Dónde? Víchesme?

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Non. Pero leo nos ollos anque sexan pequenos e falsos coma os teus. Qué queres, portento?

BUFON.-

Eu non quero ren. Un bufón téñno todo. Son o más achegado ó Rei, nomeoume embaixador.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Déixate de lerias, portento. O camiño que te trouxo é de ida e volta.

BUFON.-

Cántas púas tén?

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Cántas púas, qué?

BUFON.-

Non lés nos ollos!? Cántas púas a coroa, raiña, cántas púas?

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Non teñio coroa.

BUFON.-

Non tes coroa? -O bufón búlra se da. bruxa mentras fala con ela - Unha raiña sen coroa! Unha raiña sen rei! Unha raiña sen reino!

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Eu teño reino, este é o meu reino. Olla a miña obra -A bruxa sinala os corpos dos alcaldes- Nunha loita, gañei un reino.

BUFON.-

Nunha loita sen exercito! Demátate que o que dís son prosmadas. Non hai más cun reino, mesturado ... Pero ún.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Ese reino, non. Deixei ese reino. Troqueime en bruxa erránea fixenme Bruxa dos Queixos e logo serei raiña.

BUFON.-

Son embaixador do Rei e non podo permitilo.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Tí, embaixador? Tí eres un títere.

BUFON.-

Sí, un títere. Un títere cuns fíos más longos cós teu. Deixa a túa obra, colle a escobela e vaite. Non quero entregarte ó Rei.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Non che temo, portento. Non me espantan as túas imaxes. Hei poder contigo, este reino é meu.

BUFON.-

Vaites, bruxa! Ben dís tí que son o portento. O portento volta a gañar, outra vez más, miña raiña, outra vez más.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Agarda, agarda. Xúntate a min e serás Rei, deixarás de ser bufón, deixarás de ser títere. Non terás fíos nin longos nin curtos. Terás todo canto apetezas, farei me túa. Trocareime nunha fermosa raiña, ti mandarás en min e deixarás de servir. Pénso ben. De bufón a rei un paso no camiño.

BUFON.-

Un reino para dous. Un reino de dous. Un paso no camiño. Non daréi más paso que o que hai entre tí más eu -O bufón colle un sabre e dirixese a bruxa para espetarillo no peito- un paso entre a vida e a morte. Morre bruxa!!!

- A bruxa queda ferida polo bufón, alónxase camiñando arrastrando

da e sangando con xestos de dór. Antes de sair da escena a bruxa torna a testa cara ó bufón e fai unha amenaza.

BRUXA DOS QUEIXOS.-

Lémbrate de min, portento. Ousaches roubarme un reino e volarei por él, porque é meu. Lémbrate, portento, lémbrate de que a loita segue en pé.

BUFON.-

Fuxe Bruxa dos Queixos. Vaite para outro lugar. Fuxe, adoecida.

- A bruxa sae do escenario e quedase só o bufón. Falará có público deste xeito. De cando en vez, remexe a queimada:

BUFON.-

Quedamos sen bruxa! Pregunto polos alcaldes: mortos ou aboidos? Pregunto polas queixeiras: salvas ou ameigadas? Pregunto pola queimada: quén fai o conxuro?

Eu, son bufón. Bufón real, bufón dun mundo moi principal. O meu mundo ten Rei i eu... son bufón.

A Bruxa dos Queixos foise, aos alcaldes ben os vedes -Sinalando cara eles que están deitados no chán- Eu só atendo ó meu Rei. Mais eu son bufón e gardo un bó segredo.

Lembradesvos de Antón? Eu, son Antón. E tamén son o pai. Son o pai de Antón. Que o pai morreu? Non,..., son eu. Non estou tolo. Eu, son imaxe, no nacín. Cómo hei morrer?... Quén son eu? Cánto me dades polo segredo? Ja, ja, ja,...

- O bufón vaise do escenario rindo e brincando como decote. Mientras, cae o pano mornamente.

ESCENA - VI

- Escenario, o cabán do bufón. Unha sá con andeles cheos de liños vellos. Na táboa central está o bufón sentado a luz do candil. Nun curro unha porta cunha vidrieira e pegado a ela dous espellos a cada banda. A vidrieira ten por diante un espello que poderán xirar xuntos a nosa vontade.

Na táboa do bufón, dúas banquetas. Unha defronte dél.

O bufón tarda un pouco en falar có público.

BUFON.-

Aquí, aquí o pon. O libro das imaxes, o libro dos bufóns, o libro dos portentos. É a cencia non se trabuca nunca. A astroloxía meus, a astroloxía tamén é cencia deste bufón i eu, como elas, tamén son imaxe.

Non creades nos soños, ou mellor, non pensedes que o soño é pesadelo. Pois o soño é imaxe e nada é más certo que a imaxe.

Non vos poña medo o que é superior ó voso entendimento. Non

neguedes os soños, creede na imaxe.

Si eu vos digo que hai un ollo no ceo e outro no inferno que vos están axecando, creedelo, e faceades ben en creelo pois é certo. Mais se vos digo que olle des pro ceo, vos levantaredes a testa pensando que está riba vostra. Non, non o vedes. Non vedes o ceo. Estades trabucados se pensades que o ceo é o andar deriba e o inferno o andar de abaixo.

O ceo é infinito, como, a imaxe non se esgota nunca. É unha bóveda xigante que o colle todo, que se extende enchendoo todo. É o inferno non é más pequeno, tan grande é o ún coma o outro. E sendo os dous materia, sendo etereos os dous. Cómo pode cada ún ocupalo todo? Ahí tedes o misterio.

Direivos que están mesturados e os dous compoñen un todo. Mestúranse o ben más o mal no todo das imaxes. Sen un orde natural créanse imaxes estranas ou monstruos que non queremos crér, e outras que nos échen o ollo é como nos gostan queremolas crér.

Así creedes no queixo e non creedes na queixeira. A imaxe da queixeira é o portento, o monstruo no que están as misereas, a fame, a inxusticia dos homes. Non creedes na imaxe da queixeira. Pónvoso medo pensar que o home cometa arrepiante inxusticia con que serve ao home. Pónvoso medo posto que é algo que está lonxano ao voso entendimento. Decides que é soño, que é pesadelo.

Díxenvos que eu era imaxe e imaxe son. -O bufón deixa a táboa e pónse perante o espello reflexa a mesma imaxe, se cádra áinda más pura para vos, más é a mesma imaxe. -Agora o bufón alónxase do espello de xeito que á súa figura non se proxecte no espello en tretanto xirarse éste quedando só a vidrieira, onde se pora por trás dela cando sexa preciso o alcalde de Arzúa, D. Ramón. -Mais pode trocarse no reflexo. Non é preciso un espello mal azogado para deformala imaxe, ésta ten valía dabondo coma para revirarse sóa; ela pode conquerir que me proxecte no voso soño ou pesadelo. Así, eu volto ata o espello e ollade... -No espello está D. Ramón- o meu reflexo é un chisco do mal que vos pon medo. E a imaxe rise vosa..., -D. Ramón rise detrás da vidrieira-, tédele ahí e rise de vos.

- O bufón volta á táboa e séntase de novo a ollar o libro. Hai un mutis pequeno.

A imaxe, meus, a imaxe é o reflexo da concencia. Sí eu son imaxe tamén son reflexo e si son reflexo son concencia. Si eu son o voso reflexo, son a vosa concencia, e como concencia dígovos que teñades coraxe. Non neguedes polo medo que vos cega, non fuxades da evidencia espantosa. Porque de ben pouca cousa teriades medo. O voso mal podedelo arranxar. Buscade o reflexo, buscade

UILLA NOUA

a imaxe. De atopala nun espello, tiradelle un croio e rachadeo e si está nunha poza, valeirade terra por riba. Na lama non hai reflexo.

O voso mal -O bufón colle unha garrafa e embebedase tomando grandes grolos- ben pequeno é. Peor é o meu; a miña concencia, ésta que está sentada frente miña a rirse. Non a oídes? Ríse de min, ben a sinto eu..., pero non podo collela. A miña concencia non detén nos espellos nin nas pozas, non.

- O bufón segue a beber, cada pa so con más degocio, a voz vaise lle espesando. Mántense xa na banqueta con certo traballo.

Pero vós, tédelos a beira. Unha pedra ó espello e outra pedra á poza. Non, á poza non. Hip! A pedra que se cисca na poza... Hip! revolve as augas,... Hip! e despois cando se calman,... Hip!... despois volta o reflexo. Terra, terra,... Hip!, terra nas pozas....! -O bufón tambalease e cada vez berra máis- NA LAMA NON HAI REFLEXOS, HIP!!!, NA LAMA... HIP!!!!... NON HAI REFLEXOS,...

- Cae o bufón e o pano imitalle.

ESCENA - VII

- No escenario o pucheiro da queimada no que se atopa remexendo Antón.

ANTON.-

Lembrádesvos de min? Eu son Antón, que vai aboiaido pola vida. Nin quita, nin pon. Nin fai, nin desfai. Son igual có meu pai. E veño conxurar esta queimada que os do mundo terreo non souberon rematar. Cómo ía unha bruxa conxurar unha queimada? Esto é cousa de homes, non de pantasmas e de bruxas.

- Agora Antón principia a lér o conxuro de todos ben coñecido.

"Mouchos, coruñas, sapos e (bruxas. Demos trasgos e diaños, espíritos das (nevoadas veigas.

Corvos, píntigas e meigas, (feitizos das menciñeiras. Probes cañotas fura (das, gogar dos vermes e alimañas. Lume das (Santas Compañas, mal de ollo, negros (meigallos, cheiro dos mortos, tronos e (raios. Oubeo do can, pregón da morte; fuciño do (sátiro e pé do coello. Pecadora língua da ma (la muller casada cun home vello.

Averno de Satán e Belcebú, lu (me dos cadavres ardentes, corpos mutila (dos dos indecentes, peidos dos inferna (les cús,

muxido da mar embravescida.

Barriga inutil da muller sol- (teira, falar dos gatos que andan a xaneira, güede (lla porca da cabra mal parida.

Con iste fol levantarei as (chamas deste lume que asemella ao do inferno (e fuxirán as bruxas a cabalo das súas esco (bas, índose bañar na praia das áreas (gordas.

Oíde, oíde! os ruxidos que (dan as que non poden deixar de queimarse no agoardente quedando así purifica (das.

E cando este brebaxe bixe po (las nosas goxas, quedaremos libres dos ma (les da nosa ialma e de todo embruxamen (to.

Forzas do ar, terra, mar e lu (me, a vos fago esta chamada: si é verdade que (tendes más poder que a humana xente, (eiquí e agora, facede cos espíritos dos (amigos que están fora, participen con (nós desta queimada.

MEIGAS FORA !!!

- Débese conquerir que o público berre o de: "Meigas Fora" e así cando rematen, aparece en escena o bufón que se pon moi perto do público.

BUFON.-

Xa está conxurada! Xa logo po deredes beber. Conxureina eu. Sí, eu. Díxenvos que eu era Antón. Cómo podo ser este más aquél? Cómo podo estar aquí e ali?... Sabede que eu son bufón, bufón real, bufón dun mundo moi principal.

E ainda gardo o segredo. Hei-volo contar cando vaia o voso en terro. Cánto me dades polo segredo? -Agora pregunta estranado- Non vos gusta o meu engado? Nada dades polo segredo?... Ben está! Sendo así..., non volo digo. E non podeedes obrigararme. O segredo é cousa do meu Rei, nin eu son quén para sabelo. Pero eu... son bufón! Estou aquí e estou alá porque son imaxe. De bufón a rei un paso no camiño. A imaxe do bufón pode virarse en rei e pode virarse en cigarrón. A imaxe pode mallar en vos e vos diríades que é soño. A Bruxa dos Queixos pode voltar o voso pesadelo, un pesadelo cheo de cigarróns a mallar en vos, e vos a fuxir do soño lonxano ao voso entendimento. Tedes reparos do bufón porque é lonxano. Pónvos medo o segredo e nin sabedes dónde está.

O segredo do meu Rei: dónde está? Está nesta queimada? Está na bruxa? Está no lume? Está na imaxe?... Está no ar?... Está no ceo?... Está no inferno?... NON. O segredo está nos queixos. Ja, ja, ja,... Nunca o ides ato-

par. Digovolo eu, que son bufón, bufón real, bufón dun mundo moi principal!

QUÉN SON EU? -Pregunta irado e agarda un anaco pola resposta. Despois rise co seu rir de tolo e vaise do escenario preguntando con sorna:- Cánto me dades polo segredo?

- Baixa o pano de súpito pero a ta a metade, nese momento Antón desaparece. Queda só o bufón có pucheiro, colle un pouco de queimada para catala e fala así:

BUFON.-

Do queixo non te me queixo, que o queixo ben que me sabe; quéixome de que o vende e non mo deixa de balde. (*)

(*) - (Cantiga popular)

Canto de antergos, cantos dou tro tempos más acomodados de certo. Non fuxades da imaxe, non neguedes o portento.

- Chegado aquí o bufón fará un conxuro e despois apagará a queimada.

Porcos perguizeiros, xastres, zapateiros, conselleiros. Quén perdoa na queixeira a coroa?

De coroa unha cesta que lle esmague a testa.

Imaxe do tendeiro trampán e condenado, dades ún; colledes cento.

XENTES, ao carreiro non neguedes o portento!

- O Bufón apaga a queimada e nun pucheiriño pequeño colle un chisco dela e con él diríxese a carón do público.

BUFON.-


Homes e mulleres tómena quente, as solteiras preñadas tómena fría. MEIGAS FORA!!!

- Fai unha reverencia ao público mentras arrebola ao ceo o pote polo que bebeu. Vaise, como sempre, brincando polo escenario e cae o pano.

O FIN, supónase.



~ESTUDIO DO MONTAXE DOS ESCENARIOS~




MONTAXE EN PRANTA DO DECORADO PARA A ESCENA-III DO SEGUNDO LANCE.-

Trátase de cinco espellos postos de forma octogonal pero sacándolle tres espellos para que o público poida ver os reflexos.

O único espello que se pode xirar é o que está paralelo as filas de asentos do público. É decir, que por trás del é onde se pone o Alcalde D. Ramón, ou senón tamén se pode poner a Bruxa dos Queixos. Pódese poner calquera personaxe.

Débese precurvar alonxar dasondo as filas de asentos para que ningunha se meta no ángulo sen visibilidade.

Por contra, é nese ángulo onde se debe meter o bufón cando non se deseixa que se proxepte nos espellos.



PUCHEIRO DA QUEIMADA.


Atopámonos eiquí coa montaxe máis complica-
da de toda a obra. O
pucheiro. As sóas dimen-
sions son de uns 60 cmts.
de alto por pouco más
dun metro de frente. O
alto pódese subir si ao
pucheiro lle ponemos
un podium na súa base,
podium que pode levar
unhas rodas e así po-
demos moverlo o noso
antoxo.

Debese poner o pu-
cheiro nunha "grada ele-
vada" de xeito que fa-
ga mais belido o mo-
mento no que se queiman
os "males da bisbarra"

e facer tamén un pouco máis acolledor o intre do reparto de
queimada cando remate a representación.

O podium con rodas serve para achegar o pucheiro ao público
tanto como se queira.

**BANCO
DE
GALICIA**



PARA OS SEUS PROXECTOS DE FUTURO
CONTE CONNOSCO !

PLAN DE PREVISION POPULAR

PRA O SEU SERVIZO E AMISTADE


—
Koy Xam —



"Carpeirada na palleira"

1986

XI-FESTA QUÉIXO



Excmo. Concello de Arzúa

CARNICEIRIA

A Reina dos Xamós

(Antonio Sánchez Vilela)

Fraga do Rei, 43
Tlf. 50 03 37

ARZUA



DO MESON

CAFETERIA
ARZUA

Ramón Franco, 7
Tlf. 50 01 45

Kronenbourg



EXCLUSIVAS — MERA

Ramón Franco, s/n
Tlf. 50 05 98

ARZUA



Cafeteria VENUS

Queler de Lugo, 17

Tlf. 500538

Arzúa

... O AMBIENTE ESTÁ NA VENUS

A tua Cafeteria



TEATRO

MOCEDADE DE SANTA MARIA

Recentemente consti-
tuise na Arzúa unha
Compañía de Teatro que
inda non fai moito tem-
po representou xa dúas
obriñas.

É unha iniciativa
levada a cabo pola mo-
cedade de Santa María.
E na súa primeira re-
presentación acadou é-
xito dabondo como para
pensar na subsistencia.

Teñen en proxecto
poner outras obras en
escena, conquerir deco-
rados e todo aquello
que sexa un mínimo im-
prescindible para pro-
mover o desemrollo des-
ta arte na Vila.

As obras que puxe-
ron en escena e que xa
foron solicitadas pola
xente para que "recun-
quen" están representa-
das por Xosé Lois Cami-
no, Ignacio Corral,
Fernando Carreira, Fer-
nando e Miguel Souto,
Fernando Varela, Lois
Valiño, Xosé Ramón Mo-
querá, Fuco Rego, Pi-
lar Valiño, Alfonso Ca-
rril e Xesús Anxo Se-
sar.

Os sete primeiro fi-
xeron coa obra de Eu-
xenio Charlón Arias e
Manoel Sánchez Hermida
título "MAL DE MOITOS"
e os outros cinco re-
presentaron "ESTEBINO",
obra de Xavier Prado
Rodríguez.

O argumento de Mal
de Moitos é retorno do
emigrado que esquece
as costumes do seu pa-
ís e que remata dán-
do-se conta da necesidade
de sentirse pobo.

Estebiño trátase
das ocorrencias dun mo-
zo que librando do ser-
